

AUTORA: PATRICIA VAQUERO GONZÁLEZ

Técnica de Igualdade do Concello de Camariñas

COAUTORA, COORDINADORA E SUPERVISIÓN TÉCNICA: M^ª JOSEFA JIMENEZ SÁNCHEZ

Técnica Local de Emprego do Concello de Camariñas

DESEÑO E MAQUETACIÓN: JOSE MANUEL SESTAYO

Técnico Informático do Concello de Camariñas

FOTOGRAFÍA DE PORTADA: XOSÉ MANUEL GARCÍA FEIJOO

1º premio do I Maratón fotográfico "Implicate" do Concello de Camariñas

EMPRESAS:

- Informe técnico EDESGA, empresa de estudos sociais de Galicia.
 - Grupos de discusión XENEME, intervención social S.I

INDICE:

| | |
|--|------------|
| 1. INTRODUCCION | 1 |
| 2. CARACTERÍSTICAS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS..... | 7 |
| 3. CARACTERÍSTICAS E FASES DE ELABORACIÓN DO PLAN..... | 13 |
| 4. LIÑAS ESTRATEXICAS E ACCIÓNS: | 25 |
| 4.1 Participación e empoderamento..... | 31 |
| 4.2 Conciliación..... | 45 |
| 4.3 Formación e emprego | 63 |
| 4.4 Prevención e eliminación de violencia de xénero. | 81 |
| 4.5 Coeducación e promoción da igualdade | 99 |
| 4.6 Saúde e deporte..... | 109 |
| 5. SISTEMAS DE SEGUIMENTO E AVALIACION | 123 |
| 6. CRONOGRAMA DE ACTUACIONES..... | 129 |
| 7. ANEXOS..... | 135 |

Moitas grazas a todas as persoas que fixeron e fan posible o traballo en prol da igualdade, así como as que me brindaron cada unha ao seu modo, o seu apoio e axuda o longo destes anos.

*Especialmente a María,
polo seu constante asesoramento e estímulo para seguir crecendo como profesional.*

Grazas polo teu valioso apoio, comentarios e suxerencias.

A brecha existente entre a igualdade legal e real fai necesaria que os poderes públicos poñamos en marcha políticas públicas orientadas a superar a discriminación e garantir a igualdade.

O Concello de Camariñas reconece os logros que as políticas de igualdade conseguiron nos últimos anos, e tamén é consciente de que debemos seguir avanzado para conseguir a igualdade real e para que o principio de igualdade se integre en toda a xestión pública municipal.

O II Plan de Igualdade municipal pretende progresar nese senso coas actuacións e medidas planificadas froito da avaliación do I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes e da participación dos distintos axentes sociais: Asociacións, persoal técnico, Consello Sectorial da Muller, cidadanía... que facilitaron o coñecemento das necesidades e intereses das mulleres de camariñas.

Este novo Plan municipal constitúe unha ferramenta imprescindible para configurar unha política de igualdade a nivel local. Expresa ademais o compromiso dos responsables da xestión municipal de traballar para facer realidade o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da sociedade Camariñana.

En definitiva o noso obxectivo co II Plan de Igualdade de Oportunidades é o de seguir acurtando distancias no camiño da xustiza social e conseguir unha sociedade máis igualitaria.

Manuel Valeriano Alonso de León
Alcalde do Concello de Camariñas

Dende a Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Saúde somos conscientes dos atrancos que aínda persisten para o logro dunha igualdade plena e de que as desigualdades de xénero que se asentan no máis profundo da nosa sociedade son un problema estrutural moi arraigado que non ten unha solución inmediata.

Esta situación necesita do traballo e compromiso activo de todos e todas e o Concello de Camariñas encamiña todos os seus esforzos cara a facilitar a superación dos factores de desigualdade que persisten e se asentan nos ámbitos da vida social, laboral, económica, cultural e política.

Ao traballo de sensibilización da sociedade na importancia estratéxica do principio de igualdade de oportunidades desenvolvido dende esta concellería ata agora, engadimos co II Plan de Igualdade de Oportunidades un conxunto de actuacións que pretenden mellorar e afondar nos resultados logrados.

Os obxectivos céntranse agora en promover valores e actitudes igualitarios, apoiar a conciliación, impulsar a formación e o emprego, a participación social das mulleres, combater e erradicar a violencia contra as mulleres e tamén incrementar a presenza activa dos homes no logro da igualdade de oportunidades fomentando o cambio a posicións favorables á igualdade.

O II Plan de igualdade de oportunidades do concello de Camariñas trata de facer fincapé nas situacións discriminatorias onde a intervención pública é necesaria e ten o propósito de contribuír firmemente a que os pasos dados neste senso no noso concello se consoliden.

M^a del Carmen Linares Chica

Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Saúde



1. INTRODUCCION

*Fotografía: Juan José Basteiro Fernández
Participante do II Maratón fotográfico "Implicate" de Camariñas*

1. INTRODUCCIÓN:

As sociedades actuais tal e como as coñecemos, desenvoltas na súa gran maioría sobre a democracia, recoñecen a igualdade de tódalas persoas ante a lei. Sen embargo, o mero recoñecemento legal é insuficiente, xa que é necesario levar a cabo cambios sociais e estruturais que propicien a asunción no seno da sociedade de todo este conglomerado legislativo para facelo efectivo.

O II PIOM confeccionase para propiciar a asunción da sociedade camariñá dos principios e dereitos xa recoñecidos na lexislación ademais de contribuír a mellorar a situación social, política, económica, familiar e cultural da cidadanía promovendo a igualdade de xénero.

A partir da valiosa experiencia do I PIOM como instrumento de promoción e fomento da política de igualdade levada a cabo polo concello de Camariñas, deseñouse un II plan con medidas máis axustadas ás necesidades da sociedade camariñana que será marco de referencia para a execución das políticas municipais de igualdade durante o seu período de vixencia.

O II PIOM supón un marco de actuación municipal que integra o concepto de **mainstreaming** como unha estratexia para promover a igualdade de oportunidades dun xeito global e integral, que implica a introdución da análise de xénero en todas as políticas, programas e actuacións de xeito transversal.

CONTEXTO LEXISLATIVO

A nivel internacional as Nacións Unidas asumiron (1945), na súa carta fundacional o compromiso coa igualdade de dereitos de homes e mulleres. Dende entón houbo numerosos acordos internacionais aprobados, estratexias e instrumentos xurídicos adoptados que apostaron pola igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Cabe destacar o avance observado dende que no ano 1975 declararon o Ano Internacional da Muller. Despois virían máis conferencias mundiais sobre as mulleres, nas que foron elaboradas propostas para todos os países e rexións do mundo.

A primeira Conferencia Mundial sobre a Muller foi celebrada en México (1975), a segunda en Copenhague (1980), que adoptou un Programa de Acción Mundial para a Muller; a terceira en 1985 en Nairobi, na que se concluíu os escasos resultados na década 1975-1985. A Conferencia de Beijing (1995), creou unha plataforma de acción co obxectivo de “eliminar todos os obstáculos que dificultan a participación activa da muller en todas as esferas da vida pública e privada mediante a participación plena e en igualdade no proceso de adopción de decisións nas esferas económica, social, cultural e política”. Así mesmo, e para romper coas discriminacións estruturais que impiden a igualdade a nivel planetario, impulsouse o concepto de mainstreaming como unha estratexia para promover a igualdade de oportunidades de maneira global e integral.

A nivel Europeo, o principio de igualdade entre mulleres e homes é un principio fundamental do dereito comunitario, e as directivas e outros actos adoptados segundo este principio desenvolven un importante papel na mellora da situación das mulleres e do avance da igualdade. Dende a creación da Comunidade Económica Europea en 1957, o principio de igualdade entre mulleres e homes forma parte dos diferentes tratados constitutivos ata o último: Tratado de Ámsterdan de 1997.

Pola súa banda no Estado Español, xa nos artigos 9.2 e 14 da Constitución de 1978, quedaron consagrados os principios de igualdade ante a lei e a responsabilidade dos poderes públicos na promoción de condicións efectivas e reais de igualdade e liberdade, prohibíndose a discriminación de calquera tipo.

O Instituto da Muller, creado no ano 1983, é o encargado da posta en marcha das políticas de igualdade entre mulleres e homes no ámbito estatal. A recente creación do Ministerio de Igualdade (2008), foi un paso significativo na visibilización da importancia das políticas de igualdade.

No estado español, as últimas lexislacións en materia de igualdade son:

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Plan nacional de sensibilización e prevención da violencia de xénero 2007-2009.

- Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2008-2011.
- Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

No ámbito Autonómico, no artigo 4.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia do ano 1981 asúmese como competencia dos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude, así como facilitar a participación de todas as persoas galegas na vida política, económica, cultural e social.

Destacamos as últimas leis, plans e pactos en materia de igualdade:

- Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes de Galicia.
- Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Plan de fomento da corresponsabilidade, 2007.
- Plan do Goberno Galego para a igualdade de mulleres e homes, 2007-2010.

2. CARACTERÍSTICAS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS



*Fotografía: Jose Ignacio del Moral Rodríguez
Gañador do II Maratón fotográfico "Implicate" de Camariñas*

2. CARACTERÍSTICAS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS:

Camariñas é un termo municipal que conta con 6.275 habitantes distribuídos entre 3.112 homes e 3.161 mulleres. Forma parte da Comarca de Terra de Soneira, na que tamén se inclúen os concellos de Vimianzo e Zas. A poboación do Concello de Camariñas supón un 31% da poboación da comarca, ó igual que poboación feminina do noso concello supón o 31% supón da porcentaxe feminina da comarca.

O concello presenta as seguintes características:

1. Descenso poboacional constante dende fai unha década. O conxunto das parroquias do Concello ven mantendo unha evolución demográfica descendente cun saldo vexetativo negativo estable (arredor do -0.4%) ao longo dos últimos dez anos; neste senso, apreciase que dende o ano 1996 Camariñas perdeu habitantes, como a maior parte dos concellos rurais e costeiros de Galicia, aínda que no noso caso a cifra acada arredor de 1.000 persoas.

Non en tanto, estase a dar unha tendencia ao equilibrio entre saídas e entradas de habitantes. O fluxo migratorio tende a estabilizarse, mentres que o fluxo inmigratorio está a seguir un progresivo aumento nos últimos anos. Esta situación pode supoñer un factor que potencie o dinamismo socioeconómico do noso concello. A idade media das persoas inmigrantes está no grupo de idade de 16 a 64 anos, idade potencialmente activa e o 54 % desta poboación, está representada por mulleres o que rompe coa pauta de que a inmigración en idade de traballar é fundamentalmente masculina.

2. A súa estrutura de poboación envellece e esta situación afecta maioritariamente ás mulleres (58%).

É salientable o volume de menores de 20 anos na composición poboacional camariñá (16.6%), maior que na comarca (15.2%), co que coas medidas axeitadas de desenvolvemento que reduza o éxodo poboacional pode supoñer unha garante de futuro.

3. O relevo xeracional encóntrase en risco, en toda a comarca e no noso concello, influíndo nesta situación o continuado descenso das taxas e índice de fecundidade (0.9), máis dun punto por debaixo do índice preciso para garantir a renovación das xeracións vindeiras (2.1).

A idade media de maternidade na comarca retardase ata os 30 anos causada ben pola constitución tardía dos fogares, polas dificultades laborais de parella ou pola falla de apoios institucionais para favorecer a conciliación de vida laboral e familiar, aínda que Camariñas presenta unha idade media máis moza (29.4).

4. O índice de dependencia global está feminizado pois presenta un 70.2% para o ano 2007 este índice relaciona aos grupos economicamente dependentes cos potencialmente activos.

5. Baixo nivel de formación. En relación ao grao de instrución da poboación de Camariñas, comparando o nivel de estudos das e dos habitantes de Camariñas coa comarca ou a provincia, pode apreciarse a existencia dun baixo nivel educativo, pois a maioría da poboación concéntrase entre os/as que teñen menos de cinco anos de escolarización (34.4%). Do mesmo xeito, a proporción de poboación analfabeta, é porcentualmente superior á detectada a nivel comarcal, provincial e autonómico (entre 2 e 5 puntos porcentuais) e afecta sobre todo ás mulleres de maior idade.

Na actualidade estase a dar unha equiparación entre xéneros, onde as mulleres novas están cada vez máis formadas e xogan un papel de potencialidade cara ao desenvolvemento integral do termo municipal.

Tamén cabe resaltar que pese ó alto grao de analfabetismo que presenta a poboación de Camariñas, este foise reducindo dende o 9% do ano 1991 ata o 7.2% do 2001, o cal é moi positivo e repercutirá no desenvolvemento social, económico e cultural do municipio a longo prazo.

6. A estrutura económica e do mercado de traballo de Camariñas caracterízase pola masculinización da poboación activa (64.1%) e a feminización da poboación inactiva clasificadas en mulleres dedicadas a tarefas do fogar (97.5%) e pensionistas (71%).

7. Segregación ocupacional horizontal. As ocupacións máis masculinizadas no Concello son as relacionadas coa construción (29%) e a pesca (33.5%)-excepto marisqueo-; o mesmo ocorre cos traballadores sen cualificación e os postos directivos. Pola contra, as ocupacións de corte administrativo, e as relacionadas ca industria (30.1%), cos servizos (51%) e a restauración, son as que posúen unha maior porcentaxe de mulleres en Camariñas.

8. Precariedade laboral. No período 2002-2007 constátase un aumento xeneralizado da eventualidade cunha redución dos contratos indefinidos. No ano 2007 en Camariñas apreciouse unha maior proporción dos contratos de obra ou servizo (73.9%). De igual xeito, a modalidade de contratación indefinida só veuse representada polo 3.1% dos casos- fronte ao 4% de Terra de Soneira e ao 5.4% da provincia-.

Atendendo aos últimos datos dispoñibles, o concello está a experimentar un crecemento do seu número de parados/as durante o período 2005-2008. Sendo 396 persoas no ano 2005 e 472 persoas no 2008. Aínda que no ano 2008 aumentou o peso relativo do paro masculino, pois por primeira vez supón un 38%, o paro segue a afectar maioritariamente ao colectivo feminino cun 61%. Podemos concluír que **o paro esta feminizado.**

8. Actividade empresarial. No concello o volume de titulares do Imposto de Actividades Económicas -IAE-, creceu considerablemente de 465 no ano 2003 a 686 no ano 2007. Aínda que o pulo económico do Concello esta guiado en maior proporción por varóns, **o colectivo feminino, dirixen, respecto ao total, (33.2% no ano 2007) unha porcentaxe importante** – en aumento- de empresas. Concentrándose en actividades comerciais, hostalería e téxtil.

Pouco a pouco parece que van cambiando os roles establecidos durante anos:

- A participación das mulleres no traballo remunerado xa non é un feito puntual senón unha realidade irreversible.
- A cualificación e a formación académica das mulleres de Camariñas evoluciona notablemente.

- Os modelos de familia están cambiando e a realidade económica e social actual require que homes e mulleres acheguen o seu salario para sustentar as economías familiares. A isto engádese, cada vez máis, a firme decisión das mulleres de participar en todos os ámbitos públicos, incluído o laboral. Aínda así, as condicións en que aceden a este mercado son marcadamente desiguais.

Para modificar a situación de desigualdade é preciso consolidar a plena inserción laboral da mulleres en igualdade de oportunidades mediante a adopción de medidas que fomenten a formación, que posibiliten a conciliación da vida familiar, persoal e profesional, a corresponsabilidade e a visibilización do colectivo feminino como grupo de referencia en calquera ámbito da vida, económico, social, laboral, político, cultural...

3. CARACTERÍSTICA E FASES DA ELABORACIÓN DO PLAN:



*Fotografía: Marcos Rodríguez
Participante no I Maratón fotográfico "Implicate" de Camariñas*

3. CARACTERÍSTICA E FASES DA ELABORACIÓN DO PLAN:

Os Plans de Igualdade de oportunidades (PIOM) consolídanse como unha ferramenta útil e eficaz para promover e acadar maiores cotas de igualdade social. Neste senso o Concello de Camariñas emprende o deseño e definición deste novo plan de traballo co obxectivo de “conseguir cambios cara á igualdade nunha realidade desigual”¹. A experiencia do primeiro Plan de Igualdade incorporase en todo o proceso de análise e elaboración das liñas directrices deste segundo Plan ao igual que a participación social e das mulleres en todo o proceso de elaboración do mesmo.

Si o I PIOM tiña como finalidade principal a visibilización, sensibilización e concienciación da situación e realidade da muller no concello, neste segundo plan pretendese promover a participación e empoderamento da poboación feminina especialmente ó mundo laboral, sen esquecer a continuidade e consolidación da finalidade acadada co primeiro PIOM.

Unha das características deste novo PIOM é a súa metodoloxía de traballo e planificación. Partiuse de avaliar e aprender dos erros e acertos da experiencia anterior, de consolidar as redes de participación xa creadas no colectivo feminino dando voz e protagonismo á hora de expresar as súas demandas e necesidades e as súas propostas de actuacións e ademais incorporouse nas fases de diagnose as aportacións realizadas por mulleres con perfís e pertencente a colectivos que estiveron subrepresentados nas actuacións desenvolvidas no primeiro PIOM.

A análise da experiencia anterior, a incorporación da voz e propostas das mulleres e a diagnose da situación socioeconómica do territorio foron as bases na que se asenta a metodoloxía de elaboración e deseño do II PIOM de Camariñas.

A estratexia de intervención social deste plan basease en tres obxectivos básicos:

- Consolidar e apoiar a cohesión dos grupos xerados no desenvolvemento do I PIOM.

¹ Paxina 21. “ Guía para Elaborar Planes de Igualdad” FEMP 2006

- Definir accións que dean resposta ás necesidades e intereses dos colectivos e segmentos poboacionais femininos que non foron captados co I PIOM.
- Diseñar procedementos de detección e avaliación das actividades para potenciar a capacidade de adaptación ou redefinición de obxectivos e accións baseada na maior pertinencia, eficacia, oportunidade e capacidade de xuntar sinerxías.

Na metodoloxía empregada para elaborar o II Plan municipal de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes podemos distinguir catro fases das que se concluíron as liñas de actuación prioritarias:

1. Elaboración das conclusións e liñas directrices derivadas da avaliación do I Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Camariñas (2004-2006).
2. Realización de diagnose baseada na análise estatística e os datos cuantitativos relativos á situación das mulleres de Camariñas en distintos ámbitos: emprego, formación, conciliación, participación...
3. Confección de liñas de intervención e os programas de actuación baseadas nos resultados das técnicas cualitativas de investigación social empregadas para garantir a participación directa das mulleres e profesionais: entrevistas en profundidade e grupos de discusión.
4. Análise de coherencia e oportunidade realizada coa comparación con outros plans de igualdade a nivel provincial, autonómico e estatal.

FASES DA ELABORACION DO PLAN

1. Elaboración das conclusións e liñas directrices derivadas da avaliación do I Plan de Igualdade de Oportunidades

Podemos salientar do I PIOM as consecucións dos seguintes obxectivos:

- ✓ O perfil do colectivo que participou maioritariamente foi o de muller dedicada ás tarefas do fogar, maior de 50 anos, con baixo

nivel de instrución e cunha forte demanda de actividades de lecer e tempo libre. Este perfil coincide co perfil medio da poboación feminina do concello.

- ✓ Conseguiuse establecer co colectivo participante unha cohesión social moi valiosa que comezou a xerar unha demanda na creación de redes sociais de mulleres.
- ✓ Diminuíuse a brecha tecnolóxica da poboación adulta e feminina coa incorporación da formación e emprego de novas tecnoloxías nas actividades desenvolvidas.
- ✓ Promoveuse a igualdade na mocidade e a infancia por medio de accións de coeducación nos centros educativos.
- ✓ O 42.8% das accións realizadas tiveron como obxectivo a visibilización, sensibilización e concienciación da situación e realidade da muller.

No entanto a análise do desenvolvemento das actividades e a recollida de demandas realizadas tamén debuxan unhas liñas orientadoras cara ao II PIOM. Podémola resumir nos seguintes puntos.

- ✓ Debemos conseguir a implicación dun **colectivo de acción o máis heteroxéneo** posible polo que ademais de seguir apoiando e motivando a participación do colectivo feminino xa implicado é fundamental abrir novas liñas de actuacións dirixidas ao colectivo feminino de idades máis temperás así como mulleres que están inmersas no mercado laboral.
- ✓ Reforzarase a **promoción e a comunicación** das iniciativas, campañas e documentos para que toda a poboación coñeza o noso traballo e poida participar del, así como transmitir a importancia e necesidade da implantación dos Plans de

Igualdade de Oportunidades, debe ser unha das prioridades do novo PIOM.

- ✓ A visibilización da participación das mulleres en tódolos ámbitos de acción onde a Área de Igualdade realiza a súa labor é outro obxectivo estratéxico que reforzará as accións e autoestima do colectivo.
- ✓ Apoiarase ás **redes** xa constituídas promovendo a súa maior cohesión intragrupal e a formación e incentivo para iniciar procesos de empoderamento da muller.
- ✓ A concienciación na **igualdade de oportunidades** e a necesaria transformación social e modificación de roles sexistas e segregacionais require de accións encamiñadas á poboación que liderará o futuro da sociedade camariñá. O traballo coa infancia e a mocidade na **coeducación** debe contemplarse entre as novas accións que se planifiquen.
- ✓ As aplicación das **novas tecnoloxías** nas actividades deseñada así como promover a formación das mulleres nestas ferramentas debe ser outra prioridade en tanto é un aspecto imprescindible para a integración social e laboral do colectivo feminino.
- ✓ Haberá que mellorar o sistema formal de planificación da **avaliación continua** no percorrer da actividade establecendo instrumentos para a avaliación e o seguimento da participación e da receptividade do persoal docente máis axeitadas.
- ✓ Promoverase a **participación do colectivo masculino** en accións para a igualdade potenciando a xeración dunha rede de homes pola igualdade.

2. Realización de diagnose baseada na análise estatística e os datos cuantitativos

A diagnose da situación socioeconómica do concello reflicte a desigualdade do colectivo feminino, os obxectivos e estratexias do PIOM deben estar encamiñados a actuar para o cambio desta situación ou para melloralala.

Os ámbitos de desigualdade máis importantes no que deberá actuar o novo plan son:

- a) Mellora das condicións e calidade de vida da poboación envellecida que é maioritariamente feminina. Neste ámbito a **atención á dependencia**, a mellora da saúde e a participación e transmisión dos valores sociais e da aportación das mulleres ao longo da historia do noso concello son elementos de especial prioridade posto que afecta ao 50.4% das persoas que habitan o territorio municipal.

Para abarcar de maneira integral e transversal o proceso vital das mulleres do noso concello é necesario abarcar os **ámbitos da saúde e do deporte**, onde se facilite a información e asesoramento sobre aspectos da saúde das mulleres e o fomento de prácticas deportivas destinadas a mulleres de todas as idades.

- b) A menor presenza da muller na poboación activa, o maior peso das desempregadas e a situación de maior precariedade laboral son indicadores dunha desigualdade da participación da muller no ámbito do emprego. A incorporación ao **mundo do traballo e das actividades produtivas** remuneradas son pezas esenciais para o empoderamento da muller, polo que este ámbito debe ser tamén prioridade para o PIOM. As accións que se deseñen deben perseguir a diminución ou eliminación de obstáculos tales como a necesidade de **conciliación da vida familiar e laboral**, a mellora da cualificación ou a promoción da inserción da muller nas ocupacións menos feminizadas ou o incentivo e apoio á iniciativas de autoemprego.

3. Confección de liñas de intervención e os programas de actuación baseadas nos resultados das técnicas cualitativas de investigación social

Dende a Área de Igualdade, preténdese que a elaboración do plan fora un proceso participativo, e quixo invitar a participar del a todos os axentes sociais relacionados; outros departamentos municipais, asociacións, Consello Sectorial da Muller...seguros de que as aportacións que puideran xurdir por parte destas entidades ou departamentos constituirían un valor engadido ao noso traballo.

Realizáronse un total de 31 entrevistas semiestruturadas, 2 grupos de discusión, 5 mesas pola igualdade (encontro con mulleres do concello) e diversos contactos con departamentos municipais e axentes sociais vinculados. O obxectivo principal para a realización das entrevistas e grupos de discusión foi o de coñecer as opinións das mulleres do noso concello, pois quen mellor que elas para describir as situacións que están a vivir e ver tódolos días. Tanto os grupos de discusión como as entrevistas leváronse a cabo con mulleres de tódolos ámbitos económicos, políticos, educativos, asociativos, saúde...para así poder ter unha visión o máis heteroxénea posible, con distintos perfís, necesidades e intereses. Para ter unha visión global da situación das mulleres no noso concello tamén mantivemos contactos con distintos departamentos municipais.

Unha das conclusións que se sacaron na análise das entrevistas e dos grupos de discusión así como dos encontros que tivemos coas mulleres do noso concello foi a preocupación que todas verbalizaron a cerca das poucas expectativas e deficientes **condicións laborais e formativas** que se dan na nosa área xeográfica. Do mesmo modo expresan a preocupación pola calidade e igualdade na **educación** e nas actitudes polo que pensamos que a **promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero** na mocidade. Estes aspectos son básicos para intentar construír un futuro onde os valores de igualdade, tolerancia e respecto sexan piares fundamentais da nosa sociedade.

Outra conclusión da análise das entrevistas, grupos de discusión e do encontro coas mulleres nas mesas de igualdade, foi a necesidade de que as **mulleres participen en tódolos ámbitos da vida pública** e que tomen conciencia das súas posibilidades tanto como colectivo como persoas individuais. É necesario seguir traballando no proceso de participación e empoderamento das mulleres do noso concello pois nos anos anteriores foron conseguíndose cousas importantes neste senso.

Queda un largo camiño ata chegar á igualdade efectiva entre mulleres e homes. A nosa sociedade sigue impregnada de estereotipos e roles de xénero que colocan ás mulleres nunha posición de desvantaxe e que dificultan a completa realización dos seus dereitos como cidadás.

Tamén verbalizaron a necesidade de que se empece a **traballar co colectivo masculino** no cambio de mentalidades e na importancia do reparto de responsabilidades familiares.

Outra conclusión fundamental dos resultados das análises das técnicas cualitativas foi a necesidade de seguir traballando na **sensibilización, concienciación, prevención e intervención integral da violencia de xénero** así como na diminución da estigmatización das vítimas. “A violencia de xénero representa a expresión máis brutal da desigualdade entre homes e mulleres”² e como tal toda a sociedade temos que xuntar esforzos para combatela. Os datos sobre a situación da evolución da violencia de xénero no noso país evidencian, mellor que nada, o durísimo prezo da loita pola igualdade. O proceso é difícil e será longo porque os cambios culturais adoitan a ser lentos, pero coa implicación de toda a cidadanía poderase logralo.

4. Análise de coherencia e oportunidade realizada coa comparación con outros plans de igualdade a nivel nacional, autonómico e municipal.

Das fases de detección e deseño de ámbitos de actuación para o II PIOM concluíuse que as liñas estratéxicas prioritarias son: participación e empoderamento, conciliación e reparto de responsabilidades familiares e

² Páxina 5. “ Abordaxe integral da violencia de xénero”

domésticas, formación e emprego, saúde e deporte e coeducación, promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero.

Cadro de conclusións e ámbitos de actuación propostos

| FONTE | CONCLUSIÓN | ÁMBITO DE ACTUACIÓN |
|--|---|---|
| Avaliación I PIOM | <ul style="list-style-type: none"> - Implicación dun colectivo de acción o máis heteroxéneo. - Apoio redes. - Visibilización da participación das mulleres. - Reforzarase a promoción e a comunicación as iniciativas. - Traballo coa mocidade. - Aplicación novas tecnoloxías. - Promover a participación do colectivo masculino. | <ul style="list-style-type: none"> - Participación e empoderamento. - Participación e empoderamento. - Promoción e divulgación. - Coeducación e promoción da igualdade. - Formación e emprego. - Conciliación |
| Análise estatística de datos cuantitativo | <ul style="list-style-type: none"> - Atención á dependencia. - Asesoramento saúde e práctica do deporte. - Incorporación ao mercado de traballo e actividades produtivas. | <ul style="list-style-type: none"> - Conciliación. - Saúde e deporte. - Formación e emprego e participación e empoderamento. |
| Análise de datos cualitativos | <ul style="list-style-type: none"> - Malas condicións laborais e formativas. - Preocupación pola educación da mocidade. - Seguir traballando na violencia de xénero - Traballar co colectivo masculino. - Mulleres participen en tódolos ámbitos da vida pública. | <ul style="list-style-type: none"> - Formación e emprego. - Coeducación e promoción da igualdade. - Violencia de xénero. - Conciliación. - Participación e empoderamento. |

Unha vez definidos os ámbitos de actuación, obxectivos estratéxicos e actuacións prioritarias, realizamos unha análise de coherencia e oportunidade do deseño realizado confrontándoo cos plans de igualdade dos ámbitos supramunicipais de referencia autonómico e estatal.

Esta comparación tiña o obxectivo de detectar os aspectos comúns e as singularidades da realidade municipal e o seu contexto territorial. Sen esquecer a realización dunha correspondencia entre que facilitará a implementación das accións con outras entidades e administracións e conformará unha ferramenta idónea para avaliar a oportunidade de cofinanciamento que presentan as nosas accións e programas.

| COMPARACIÓN DE OBXECTIVOS ENTRE PIOMs | | |
|---|---|--|
| Camariñas | Autonómico | Estatal |
| PARTICIPACIÓN E EMPODERAMENTO <ul style="list-style-type: none"> • Obxec. Especif. 1: Poñer en marcha e dinamizar o Consello Sectorial da Muller. • Obxec. Especif. 2: Fomenta-la creación, dinamización e mantemento de asociacións de mulleres. | PARTICIPACIÓN E EMPODERAMENTO <ul style="list-style-type: none"> • Obxec. Especif. 1.4/1.9* • Obxec. Especif. 1.2/1.3* | PARTICIPACIÓN POLÍTICA E SOCIAL <ul style="list-style-type: none"> • Obxec. Estratéxico 6* • Obxec. Estratéxico 1* |
| CONCILIACIÓN E REPARTO DE RESPONSABILIDADES <ul style="list-style-type: none"> • Obxec. Especif. 1: Promover o desenvolvemento dun modelo de convivencia familiar, social e laboral máis igualitario. • Obxec. Especif. 2: Colaboración con administracións públicas na creación de servizos de atención infancia e persoas dependentes. • Obxec. Especif. 3: Favorecer a información dos recursos existentes dispoñibles para conciliar. | | CORRESPONSABILIDADE <ul style="list-style-type: none"> • Obxec. Estratéxico 1* • Obxec. Estratéxico 3* • Obxec. Estratéxico 1* |
| FORMACIÓN E EMPREGO <ul style="list-style-type: none"> • Obxec. Especif. 1: Realizar accións encamiñadas a inserción laboral e a diversificación profesional das mulleres. • Obxec. Especif. 2: apoiar a xeración de emprendedoras e o seu fortalecemento. • Obxec. Especif. 3: Desenvolver campañas informativas sobre as condicións de traballo das mulleres. | | <ul style="list-style-type: none"> • Obxec. Estratéxico 1* • Obxec. Estratéxico 3* • Obxec. Estratéxico 2* |
| PREVENC. E ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO <ul style="list-style-type: none"> • Obxec. Especif. 1: Promover actuacións de información, sensibilización e formación para previr a violencia de xénero. | ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO <ul style="list-style-type: none"> • Obxec. Especif. 4.1//4.6* | VIOLENCIA <ul style="list-style-type: none"> • Obxec. Estratéxicos 2/5* |
| COEDUCACIÓN E PROMOCIÓN DA IGUALDADE <ul style="list-style-type: none"> • Obxec. Especif. 1: Promover a ruptura dos estereotipos e roles de xénero | FORMACIÓN EN IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES <ul style="list-style-type: none"> • Obxec. Especif. 3.1* | EDUCACIÓN <ul style="list-style-type: none"> • Obxec. Estratéxicos 3/7* |
| SAÚDE E DEPORTE <ul style="list-style-type: none"> • Obxec. Especif. 1: Implantar programas de educación sanitaria que faciliten un mellor coñecemento sobre a saúde xeral | | SAÚDE <ul style="list-style-type: none"> • Obxec. Estratéxicos 1/3/4* |

* A citada numeración corresponde aos obxectivos específicos do V Plan Galego para a Igualdade entre mulleres e homes (2007-2010) e os obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico de igualdade de oportunidades (2008-2011) estatal.

Vistas as conclusións as que chegamos coa avaliación do I PIOM e as necesidades e inquedanzas que xurdiron a raíz das análises cualitativas e do traballo realizado durante estes anos, a estratexia a seguir neste segundo Plan de Igualdade de Oportunidades é unha estratexia global e integral, o denominado *mainstreaming de xénero* co obxectivo de rachar coas barreiras estruturais que impiden a consecución da igualdade real entre mulleres e homes e integrar dun xeito transversal a análise de xénero e a igualdade de oportunidades en todas as políticas públicas.

Debemos facer políticas que integren a igualdade dun xeito transversal e impliquen ademais mulleres e homes. Supón, por outra banda, pasar á análise e control das relacións sociais de xénero existentes para propiciar o equilibrio necesario entre os dous sexos. Agora colócanse mulleres e homes no centro da elaboración e execución de políticas, o que implica coñecer e facer visibles as necesidades e intereses de ámbolos dous de cara a igualdade.

Isto implica comezar a facer políticas específicas a favor de fomentar a corresponsabilidade doméstica que é o contrapunto necesario para que poida darse unha verdadeira conciliación da vida familiar, laboral e persoal. Dende este punto de vista, a corresponsabilidade doméstica establécese como un instrumento previo e necesario que permita conseguir o obxectivo de crear unha sociedade na que se dea unha plena e real conciliación da vida laboral e familiar.

4. LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACCIÓNS.



*Fotografía: Julio Sánchez López
Participante no II Maratón fotográfico "Implicate" de Camariñas*

4. LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACCIÓNS.

A continuación desenvolvemos as actividades previstas por liña e obxectivo. No entanto a descrición e definición das actividades centrámola no primeiro ano de desenvolvemento deste plan posto que o deseño deste PIOM leva como estratexia de intervención a adaptabilidade e redifusión de obxectivos e accións baseada nos resultados da avaliación destas para asegurar unha maior pertinencia, eficacia, oportunidade e capacidade de intervención para o cambio e para xuntar sinerxías.

O II PIOM caracterízase pola súa capacidade de adaptación e permeabilidade aos cambios e necesidades que se produzan ao longo da súa vixencia, e que irá determinado polos resultados no sistema de avaliación previsto.

As liñas estratéxicas e obxectivos que se estableceron e que sentarán a liña directriz do traballo para o establecemento da igualdade de oportunidades no noso concello son:

| LIÑA ESTRATÉXICA 1: PARTICIPACIÓN E EMPODERAMENTO | |
|---|--|
| Obxectivo Xeral: Promove-la participación e plena integración das mulleres en tódolos ámbitos da vida pública. | |
| Obxectivos específico 1.1 | Poñer en marcha e dinamizar o consello Sectorial da Muller |
| Obxectivos específico 1.2 | Fomenta-la creación, dinamización e mantemento de asociacións de mulleres. |
| Obxectivos específico 1.3 | Favorecer a creación dun espazo destinado ao intercambio e reunións das mulleres do noso concello. |

| LIÑA ESTRATÉXICA 2: CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR, LABORAL E PERSOAL: REPARTO DE RESPONSABILIDADES DOMÉSTICAS E FAMILIARES | |
|---|---|
| Obxectivo Xeral: Promover e facilitar a corresponsabilidade para a conciliación da vida familiar, laboral e persoal. | |
| Obxectivos específico 2.1 | Promover o desenvolvemento dun modelo de convivencia familiar, social e laboral máis igualitario. |
| Obxectivos específico 2.2 | Colaboración con outras administracións públicas na creación de servizos públicos dirixidos a atención da infancia e persoas dependentes. |
| Obxectivos específico 2.3 | Favorecer a información dos recursos existentes dispoñibles tanto para o colectivo feminino como para o masculino para conseguir conciliar a vida familiar e laboral. |
| Obxectivos específico 2.4 | Fomenta-la participación e a implicación do colectivo masculino en actividades e actuacións relacionadas coa igualdade de oportunidades. |

| LIÑA ESTRATÉXICA 3: FORMACIÓN E EMPREGO | |
|---|---|
| Obxectivo Xeral: Fomenta-la formación e cualificación profesional, apoiar a incorporación da muller ao mercado de traballo, o autoemprego e promove-la mellora das condicións laborais en sectores máis feminizados. | |
| Obxectivos específico 3.1 | Realizar accións encamiñadas a inserción laboral contemplando de maneira específica o perfil das mulleres e fomentando a diversificación profesional. |
| Obxectivos específico 3.2 | Apoiar a xeración de emprendedoras e o fortalecemento das empresarias. |
| Obxectivos específico 3.3 | Desenvolver campañas informativas sobre as condicións de traballo das mulleres. |

LIÑA ESTRATÉXICA 4: PREVENCIÓN E ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Obxectivo Xeral: Favorecer a prevención de situacións de violencia contra as mulleres, así como intentar mellorar a calidade de vida das mulleres vítimas de violencia de xénero de maneira integral para que leven a cabo un proxecto vital novo onde sexan persoas autónomas, independentes e seguras de si mesmas.

| | |
|----------------------------------|---|
| Obxectivos específico 4.1 | Promover actuacións de información, sensibilización e formación da poboación en xeral, co fin de previr situacións de violencia contra as mulleres. |
| Obxectivos específico 4.2 | Promover a integración sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero. |

LIÑA ESTRATÉXICA 5: COEDUCACIÓN E PROMOCIÓN DA IGUALDADE

Obxectivo Xeral: Favorecer a ruptura dos estereotipos e roles de xénero por medio da educación e a promoción de accións que fomenten a igualdade.

| | |
|----------------------------------|---|
| Obxectivos específico 5.1 | Promover a ruptura dos estereotipos e roles de xénero por medio da educación. |
|----------------------------------|---|

LIÑA ESTRATÉXICA 6: SAÚDE E DEPORTE

Obxectivo Xeral: Mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás súas necesidades.

| | |
|----------------------------------|--|
| Obxectivos específico 6.1 | Implantar programas de educación sanitaria que faciliten un mellor coñecemento sobre a saúde en xeral, sobre os cambios biolóxicos, e sobre calquera adquisición dos hábitos saudables para mellorar a súa calidade de vida. |
| Obxectivos específico 6.2 | Impulsar a participación das mulleres en actividades deportivas e recreativas atendendo ás necesidades e intereses que estas teñen. |

1. PARTICIPACIÓN E EMPODERAMIENTO



*Fotografía tomada na actividade “GRUPOS DE ENCONTRO”
Programa EN FEMININO. 2006*

1. PARTICIPACIÓN E EMPODERAMENTO

A Área de Igualdade aposta polo fomento da participación e do empoderamento das mulleres do concello de Camariñas seguindo as directrices da Declaración de Beijing do ano 1995, onde estableceuse que o empoderamento das mulleres e a súa plena participación en condicións de igualdade en todos os ámbitos da sociedade, incluída a participación nos procesos de toma de decisións e o acceso ao poder, son fundamentais para o logro da igualdade.

O concepto de empoderamento contén unha dobre vertente; Por un lado o empoderamento das propias mulleres, que supón garantir e lograr a autonomía persoal, reforzar a autoestima, pasando por unha toma de conciencia persoal e identitaria por parte das mulleres, tanto individual coma colectivamente. Por outro lado, a posta en valor, no recoñecemento social e político dos temas que afectan máis directamente as mulleres.

A escasa valoración que rodea a todo a feminino, interiorizada en moitas ocasións polas propias mulleres, obstaculiza a participación das mesmas en actividades formativas, asociativas...

É necesario articular unha nova forma de participación onde realmente se teñan en conta as inxerencias e necesidades integrais das mulleres superando as prioridades dadas ao rol tradicional de xénero. Fomentar a participación das mulleres en asociacións que velen polos seus intereses persoais, calquera que sexan.

Obxectivo Xeral:

Promove-la participación e plena integración das mulleres en tódolos ámbitos da vida pública.

Obxectivo específico 1: Poñer en marcha e dinamizar o consello Sectorial da Muller

Actuacións:

1.1.1 Acción formativa ou de intercambio dirixida ás persoas integrantes do Consello Municipal de fomento da participación social.

1.1.2 Actuación de fomento da participación do Consello Sectorial da Muller, para que dinamice e aporte iniciativas para o desenvolvemento do Plan de Igualdade.

1.1.3 Proposta de liñas de coordinación entre a administración local e o tecido asociativo.

Obxectivo específico 2: Fomenta-la creación, dinamización e mantemento de asociacións de mulleres.

Actuacións:

1.2.1 Programa de información e tramitación de subvencións ás asociacións de mulleres.

1.2.2 Realización, sinalización e limpeza de rutas de sendeirismo con temática de xénero.

1.2.3 Accións formativas sobre xestión de entidades de iniciativa social.

1.2.4 Intercambios entre entidades asociativas de mulleres, para compartir experiencias.

Obxectivo específico 3: Favorecer a creación dun espazo destinado ao intercambio e reunións das mulleres do noso concello.

Actuacións:

1.3.1 Centro de Promoción da Igualdade para o Desenvolvemento Rural.

1.3.2 Blog da Área de igualdade

ACTUACIÓN 1.1.1

Acción de intercambio dirixida ás persoas integrantes do Consello Sectorial da Muller de fomento da participación social.

1. Liña estratéxica do II PIOM na que se inclúe.

Liña estratéxica 1: Participación e empoderamento

2. Obxectivo xeral e específico.

Obxectivo xeral: Promove-la participación e plena integración das mulleres en tódolos ámbitos da vida pública.

Obxectivo específico 1: Poñer en marcha e dinamizar o Consello Sectorial da Muller.

3. Descrición da actividade.

Acción de intercambio onde se coñezan iniciativas de consellos doutras localidades para aprender das súas experiencias na posta en marcha destas iniciativas de participación social.

4. Obxectivos

Fomentar a participación e toma de decisión das mulleres do noso concello.

5. Persoas beneficiarias.

Persoas integrantes do Consello Sectorial da Muller.

6. Duración.

5 horas

7. Data de realización.

2009- 2011

8. Avaliación

Realizarase avaliación inicial, de resultados, satisfacción, metodolóxica e de impacto.

9. Indicadores.

- N^o participantes
- Divulgación: notas prensa, carteis.
- Recursos económicos dedicados.
- Perfil do colectivo participante.

10. Organismo/entidade responsable.

Área de Igualdade

11. Orzamento.

550€

ACTUACIÓN 1.1.2

Actuación de fomento da participación do Consello Sectorial da Muller, para que dinamice e aporte iniciativas para o desenvolvemento do Plan de Igualdade.

1. Liña estratéxica do II PIOM na que se inclúe.

Liña estratéxica 1: Participación e empoderamento

2. Obxectivo xeral e específico.

Obxectivo xeral: Promove-la participación e plena integración das mulleres en tódolos ámbitos da vida pública.

Obxectivo específico 1: Poñer en marcha e dinamizar o Consello Sectorial da Muller.

3. Descrición da actividade.

- N^o e tipo de materiais utilizados.
- Tipo de documentación emitida.
- Recursos económicos dedicados.
- Perfil do colectivo.
- Grao de cobertura das accións.

10. Organismo/entidade responsable

Área de Igualdade

11. Orzamento

350€

ACTUACIÓN 6.1.3

Programas dirixidos a mocidade para previr trastornos de comportamentos nocivos para a saúde.

1. Liña estratéxica do II PIOM na que se inclúe.

Liña estratéxica 6: Saúde e Deporte

2. Obxectivo xeral e específico do II PIOM.

Obxectivo xeral: Mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás súas necesidades.

Obxectivo específico 1: Implantar programas de educación sanitaria que faciliten un mellor coñecemento sobre a saúde en xeral, sobre os cambios biolóxicos, e sobre calquera adquisición dos hábitos saudables para mellorar a súa calidade de vida.

3. Descrición da actividade.

Programa de prevención dirixida a mocidade sobre o uso e abuso de certos comportamentos nocivos para a saúde.

4. Obxectivos

Concienciar a mocidade sobre a importancia de previr trastornos e comportamentos nocivos a saúde.

5. Persoas beneficiarias.

Mocidade

6. Duración.

10 horas

7. Data de realización.

2009-2010

8. Avaliación

Realizárase avaliación inicial, de resultados, satisfacción, metodolóxica e de impacto.

9. Indicadores.

- N^o de persoas participantes.
- N^o e tipo de materiais utilizados.
- Tipo de documentación emitida.
- Recursos económicos dedicados.
- Perfil do colectivo.
- Grao de cobertura das accións.

10. Organismo/entidade responsable

Área de Igualdade

11. Orzamento

850€

ACTUACIÓN 6.2.1

Adecuación do uso dos espazos deportivos e recreativos garantindo unha utilización equilibrada entre mulleres e homes

1. Liña estratéxica do II PIOM na que se inclúe.

Liña estratéxica 6: Saúde e Deporte

2. Obxectivo xeral e específico do II PIOM.

Obxectivo xeral: Mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás súas necesidades.

Obxectivo específico 2: Impulsar a participación das mulleres en actividades deportivas e recreativas atendendo ás necesidades e intereses que estas teñen.

3. Descrición da actividade.

Realización dun informe sobre o uso dos servizos municipais deportivos desagregados por sexo.

4. Obxectivos

Obter a máxima información posible sobre os usos dos espazos para favorecer novas actividades.

5. Persoas beneficiarias.

Poboación en xeral

6. Duración.

2 meses.

7. Data de realización.

2012

8. Avaliación

Realizarase avaliación inicial, de resultados, satisfacción, metodolóxica e de impacto.

9. Indicadores.

- Perfil das persoas que usan instalacións.
- Nº de persoas que usan a instalación.
- Desagregación por sexo.
- Nº e características dos centros deportivos municipais.

10. Organismo/entidade responsable

Área de Igualdade

11. Orzamento

250€

ACTUACIÓN 6.2.2

Fomento e difusión das iniciativas que faciliten e promovan o deporte feminino

1. Liña estratéxica do II PIOM na que se inclúe.

Liña estratéxica 6: Saúde e Deporte

2. Obxectivo xeral e específico do II PIOM.

Obxectivo xeral: Mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás súas necesidades.

Obxectivo específico 2: Impulsar a participación das mulleres en actividades deportivas e recreativas atendendo ás necesidades e intereses que estas teñen.

3. Descrición da actividade.

Levar a cabo iniciativas que fomenten o deporte feminino, como organización de concursos con participación feminina.

4. Obxectivos

Impulsar a participación de mulleres en actividades deportivas.

5. Persoas beneficiarias.

Mulleres

6. Duración.

10h.

7. Data de realización.

2010

8. Avaliación

Realizárase avaliación inicial, de resultados, satisfacción, metodolóxica e de impacto.

9. Indicadores.

- Perfil das persoas participantes.
- Nº de persoas participantes.
- Grao de cobertura das accións.
- Notas de prensa

10. Organismo/entidade responsable

Área de Igualdade

11. Orzamento

1.800€

ACTUACIÓN 6.2.3

Análise e avaliación dos hábitos e actividades deportivas de mulleres de Camariñas

1. Liña estratéxica do II PIOM na que se inclúe.

Liña estratéxica 6: Saúde e Deporte

2. Obxectivo xeral e específico do II PIOM.

Obxectivo xeral: Mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás súas necesidades.

Obxectivo específico 2: Impulsar a participación das mulleres en actividades deportivas e recreativas atendendo ás necesidades e intereses que estas teñen.

3. Descrición da actividade.

Realización dun informe, mediante cuestionarios realizados a mulleres para obter información dos hábitos e habilidades deportivas que realizan as mulleres.

4. Obxectivos

Recabar toda a información posible sobre hábitos e actividades deportivas das mulleres de Camariñas.

5. Persoas beneficiarias.

Mulleres

6. Duración.

3 meses

7. Data de realización.

2011

8. Avaliación

Realizarase avaliación inicial, de resultados, satisfacción, metodolóxica e de impacto.

9. Indicadores.

- Grao de cobertura da acción.
- Tipo de documentación emitida.
- N^o cuestionarios pasados.
- Perfil das mulleres preguntadas.

10. Organismo/entidade responsable

Área de Igualdade

11. Orzamento

250€

ACTUACIÓN 6.2.4

Realización de itinerarios guiados medioambientais para mulleres

1. Liña estratéxica do II PIOM na que se inclúe.

Liña estratéxica 6: Saúde e Deporte

2. Obxectivo xeral e específico do II PIOM.

Obxectivo xeral: Mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás súas necesidades.

Obxectivo específico 2: Impulsar a participación das mulleres en actividades deportivas e recreativas atendendo ás necesidades e intereses que estas teñen.

3. Descrición da actividade.

Realización de distintas rutas guiadas para mulleres.

4. Obxectivos

Impulsar a participación das mulleres na realización de rutas de sendeirismo polo concello.

5. Persoas beneficiarias.

Mulleres

6. Duración.

3 horas

7. Data de realización.

2009

8. Avaliación

Realizarase avaliación inicial, de resultados, satisfacción, metodolóxica e de impacto.

9. Indicadores.

- N^o persoas participantes.
- Perfil das persoas participantes.
- Número rutas realizadas.
- Publicidade.

10. Organismo/entidade responsable

Área de Igualdade

11. Orzamento

850€

ACTUACIÓN 6.2.5

Programa de recuperación de xogos tradicionais femininos

1. Liña estratéxica do II PIOM na que se inclúe.

Liña estratéxica 6: Saúde e Deporte

2. Obxectivo xeral e específico do II PIOM.

Obxectivo xeral: Mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás súas necesidades.

Obxectivo específico 2: Impulsar a participación das mulleres en actividades deportivas e recreativas atendendo ás necesidades e intereses que estas teñen.

3. Descrición da actividade.

Programa que pretende a recuperación de xogos tradicionais femininos, implicando as mulleres na análise de xénero do mesmo, así como posibilitar unha exposición con eles.

4. Obxectivos

Avaliar os xogos tradicionais femininos dende unha perspectiva de xénero.

5. Persoas beneficiarias.

Poboación en xeral, especialmente mulleres.

6. Duración.

2 meses.

7. Data de realización.

2010

8. Avaliación

Realizárase avaliación inicial, de resultados, satisfacción, metodolóxica e de impacto

9. Indicadores.

- Perfil do colectivo participante.
- N^o persoas participantes.
- N^o xoguetes captados.
- Tipoloxía dos xoguetes.
- Análise realizado.

10. Organismo/entidade responsable

Área de Igualdade

11. Orzamento

3.500€

ACTUACIÓN 6.2.6

Curso de defensa persoal

1. Liña estratéxica do II PIOM na que se inclúe.

Liña estratéxica 6: Saúde e Deporte

2. Obxectivo xeral e específico do II PIOM.

Obxectivo xeral: Mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás súas necesidades.

Obxectivo específico 2: Impulsar a participación das mulleres en actividades deportivas e recreativas atendendo ás necesidades e intereses que estas teñen.

3. Descrición da actividade.

Actividade deportiva de fomento da autonomía das mulleres do noso concello.

4. Obxectivos

Adquirir coñecementos específicos de autoprotección persoal a través de técnicas de defensa persoal.

5. Persoas beneficiarias.

Mulleres

6. Duración.

2 meses

7. Data de realización.

Setembro-novembro 2008

8. Avaliación

Mediante seguimento continuado das accións.

9. Indicadores.

- N^a persoas asistentes.
- Perfil das persoas participantes.
- Grao de cobertura da acción.
- Notas de prensa.

10. Organismo/entidade responsable

Área de Igualdade

11. Orzamento

480€

5. SISTEMA DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

RUA IGUALDADE

*Fotografía: Jaime Chouza Santamaría
Participante no II Maratón fotográfico "Implicite" de Camariñas*

5. SISTEMA DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Todo plan require unha avaliación dende o seu comezo ata a súa conclusión co fin de coñecer a incidencia, a repercusión das accións previstas e o grao de desenvolvemento das medidas programadas producidas pola súa implantación.

A avaliación ten que ser participativa, e dicir, han de participar nela tanto as persoas destinatarias da acción coma o persoal encargado da súa planificación e execución.

A avaliación prevista para este II PIOM 2008-2012, ten un carácter continuo e contempla varias fases:

1. AVALIACIÓN PREVIA:

Os obxectivos da avaliación previa son:

- Testar a pertinencia, idoneidade e eficacia dos obxectivos e accións planificadas no II PIOM.
- Realizar as adaptacións ou cambios necesarios en base á capacidade técnica, orzamentaria e viabilidade da entidade promotora e do compromiso, necesidade e idoneidade expresada polo colectivo de mulleres.


As técnicas empregadas para a recompilación de datos nesta fase será por medio de distintas xuntanzas unha co equipo de goberno para a presentación e avaliación do mesmo, e con representantes dos partidos políticos do pleno municipal. Tamén realizarase a difusión e recollida de suxestións e avaliación a través da web municipal, do Consello Sectorial da Muller e de xuntanzas con algunhas entidades asociativas.

2. **AVALIACIÓN DE ACTIVIDADES:** A avaliación das actividades farase a través de catro indicadores:

- I. **Resultados:** Medirase segundo a consecución dos obxectivos e indicadores da avaliación prevista.
- II. **Satisfacción:** Realizaranse cuestionarios as persoas participantes antes, durante e ao finalizar a actividade, así como facilitarase un cuestionario web na páxina do concello.

- III. Metodolóxico:** Realizaranse unhas fichas de seguimento para as persoas responsables das accións tanto de coordinación e seguimento como de profesorado ou responsable directo da execución.
- IV. Impacto:** A través do seguimento nos medios de comunicación e da avaliación realizada polo Consello Sectorial da Muller e do equipo técnico de avaliación.
3. **AVALIACIÓN DE SEGUIMENTO:** Esta avaliación dividirase en dúas fases e para a realización do seguimento do II PIOM, e a supervisión dos procesos de execución, constituirase unha **Comisión técnica transversal de xénero**. Estará integrada por:
- Técnica de Igualdade
 - Técnica da Axencia de Desenvolvemento Local.
 - Técnica de Servizos Sociais.
 - Técnica da Área de Cultura e Deportes.
 - Representante do Consello da Muller.
 - Representante do Concello.
 - Representante de entidades asociativas maioritariamente integradas por mulleres.
- I. Avaliación semestral:** Realizarase un seguimento semestral da consecución de obxectivos e accións. Por medio dun informe técnico resumo e cuestionarios de accións realizados, resultado da Comisión Técnica, do Consello Sectorial da Muller, resultado del sistema de cuestionario de la web. Segundo a análise dos datos poderase reorganizar ou reorientar accións e obxectivos garantindo un feed-back continuo para lograr unha maior incidencia.
- II. Avaliación anual:** Realizarase unha análise anual cos resultados das análises das avaliacións semestrais. Levarase a cabo, por un lado, unha avaliación cuantitativa que mida o número total das actuacións realizadas, e por outro lado, unha avaliación cualitativa que valore o alcance das actuacións e o impacto que produciron no avance da igualdade.
4. **AVALIACIÓN FINAL:** A avaliación final permitiranos coñecer os resultados obtidos, o grao de execución das accións previstas e o impacto na sociedade.
- Ao remate do período de vixencia do II Plan (2008-2012) levarase a cabo a avaliación final onde elaborarse unha memoria final, que dea conta do número de actividades, nivel de participación e satisfacción, impacto que tiveron as accións, a metodoloxía de implementación das accións, a capacidade que tivo a plan de adaptación e os resultados acadados en termos de igualdade entre mulleres e homes, ademais de facer propostas de mellora e recomendacións para o seguinte plan.

6. CRONOGRAMA DE ACTUACIÓNS:



*Fotografía: Iria Carballo Pardo
Participante no II Maratón fotográfico "Implicate" de Camariñas*

| ACTUACIONES | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2011 |
|-----------------|------|------|------|------|------|
| ACTUACIÓN 1.1.1 | | | | | |
| ACTUACIÓN 1.1.2 | | | | | |
| ACTUACIÓN 1.1.3 | | | | | |
| ACTUACIÓN 1.2.1 | | | | | |
| ACTUACIÓN 1.2.2 | | | | | |
| ACTUACIÓN 1.2.3 | | | | | |
| ACTUACIÓN 1.2.4 | | | | | |
| ACTUACIÓN 1.3.1 | | | | | |
| ACTUACIÓN 1.3.2 | | | | | |
| ACTUACIÓN 2.1.1 | | | | | |
| ACTUACIÓN 2.1.2 | | | | | |
| ACTUACIÓN 2.1.3 | | | | | |
| ACTUACIÓN 2.2.1 | | | | | |
| ACTUACIÓN 2.2.2 | | | | | |
| ACTUACIÓN 2.2.3 | | | | | |
| ACTUACIÓN 2.3.1 | | | | | |
| ACTUACIÓN 2.3.2 | | | | | |
| ACTUACIÓN 2.3.3 | | | | | |
| ACTUACIÓN 2.4.1 | | | | | |
| ACTUACIÓN 2.4.2 | | | | | |
| ACTUACIÓN 2.4.3 | | | | | |
| ACTUACIÓN 3.1.1 | | | | | |
| ACTUACIÓN 3.1.2 | | | | | |
| ACTUACIÓN 3.1.3 | | | | | |
| ACTUACIÓN 3.1.4 | | | | | |
| ACTUACIÓN 3.2.1 | | | | | |
| ACTUACIÓN 3.2.2 | | | | | |
| ACTUACIÓN 3.2.3 | | | | | |
| ACTUACIÓN 3.2.4 | | | | | |
| ACTUACIÓN 3.2.5 | | | | | |
| ACTUACIÓN 3.2.6 | | | | | |
| ACTUACIÓN 3.3.1 | | | | | |
| ACTUACIÓN 3.3.2 | | | | | |
| ACTUACIÓN 4.1.1 | | | | | |
| ACTUACIÓN 4.1.2 | | | | | |
| ACTUACIÓN 4.1.3 | | | | | |
| ACTUACIÓN 4.1.4 | | | | | |
| ACTUACIÓN 4.1.5 | | | | | |
| ACTUACIÓN 4.1.6 | | | | | |
| ACTUACIÓN 4.1.7 | | | | | |
| ACTUACIÓN 4.1.8 | | | | | |
| ACTUACIÓN 4.1.9 | | | | | |
| ACTUACIÓN 4.2.1 | | | | | |
| ACTUACIÓN 4.2.2 | | | | | |
| ACTUACIÓN 4.2.3 | | | | | |
| ACTUACIÓN 5.1.1 | | | | | |
| ACTUACIÓN 5.1.2 | | | | | |

| | | | | | |
|--------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|
| ACTUACIÓN 5.1.3 | | | | | |
| ACTUACIÓN 5.1.4 | | | | | |
| ACTUACIONES | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2011 |
| ACTUACIÓN 5.1.5 | | | | | |
| ACTUACIÓN 5.1.6 | | | | | |
| ACTUACIÓN 6.1.1 | | | | | |
| ACTUACIÓN 6.1.2 | | | | | |
| ACTUACIÓN 6.1.3 | | | | | |
| ACTUACIÓN 6.2.1 | | | | | |
| ACTUACIÓN 6.2.2 | | | | | |
| ACTUACIÓN 6.2.3 | | | | | |
| ACTUACIÓN 6.2.4 | | | | | |
| ACTUACIÓN 6.2.5 | | | | | |
| ACTUACIÓN 6.2. | | | | | |
| TOTAL | 14 ACTUACIONES | 28 ACTUACIONES | 30 ACTUACIONES | 29 ACTUACIONES | 28 ACTUACIONES |
| | | | | | |
| TOTAL | 0 ACTUACIONES | 5 ACTUACIONES | 3 ACTUACIONES | 4 ACTUACIONES | 1 ACTUACION |
| TOTAL | 0 ACTUACIONES | 4 ACTUACIONES | 3 ACTUACIONES | 3 ACTUACIONES | 5 ACTUACIONES |
| TOTAL | 2 ACTUACIONES | 4 ACTUACIONES | 8 ACTUACIONES | 5 ACTUACIONES | 6 ACTUACIONES |
| TOTAL | 8 ACTUACIONES | 9 ACTUACIONES | 9 ACTUACIONES | 10 ACTUACIONES | 9 ACTUACIONES |
| TOTAL | 3 ACTUACIONES | 3 ACTUACIONES | 4 ACTUACIONES | 6 ACTUACIONES | 5 ACTUACIONES |
| TOTAL | 1 ACTUACIONES | 3 ACTUACIONES | 3 ACTUACIONES | 1 ACTUACION | 2 ACTUACIONES |

- **PARTICIPACIÓN E EMPODERAMENTO**
- **CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR, LABORAL E PERSOAL: REPARTO DE RESPONSABILIDADES DOMÉSTICAS E FAMILIARES**
- **FORMACIÓN E EMPREGO**
- **PREVENCIÓN E ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO**
- **COEDUCACIÓN E PROMOCIÓN DA IGUALDADE**
- **SAÚDE E DEPORTE**

| ACTUACI ÓNS | Ano 2009 | | | | | | | | | | | | Ano 2010 | | | | | | | | | | | |
|----------------|----------|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----------|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | X | F | M | A | M | X | X | A | S | O | N | D | X | F | M | A | M | X | X | A | S | O | N | D |
| ACT. 4.1.4 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ACT. 4.1.7 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ACT. 4.1.8 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ACT. 4.1.9 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ACT. 4.2.1 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ACT. 4.2.2 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ACT. 4.2.3 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ACT. 5.1.1 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ACT. 5.1.2 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ACT. 5.1.4 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ACT. 5.1.6 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ACT. 6.1.2 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ACT. 6.1.3 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ACT. 6.2.2 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ACT. 6.2.4 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ACT. 6.2.5 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

ANEXO:
Informe técnico



*Fotografía: Xosé Manuel García Feijoo
Gañador do I Maratón fotográfico "Implicate" de Camariñas*

INTRODUCCIÓN

A elaboración dun documento técnico de diagnose que dea conta dos principais factores de incidencia na realidade social dunha poboación, resulta a base fundamental sobre a que elaborar as directrices que habitualmente estruturan os Plans de Igualdade de Oportunidades no eido Municipal.

En definitiva, coñecer de cerca os perfís demográficos, formativos, económicos e laborais da poboación de Camariñas, resultará de vital importancia de cara á proposta de novas medidas e actuacións que fomenten a igualdade efectiva entre xéneros. Baixo este espírito de mellora de coñecementos, configúrase o presente informe. Os seus obxectivos fundamentais son, primeiro, o de facer unha radiografía social do Concello de Camariñas e, segundo, o de servir de diagnose do II PIOM.

Dito informe, elabórase a partir dun exhaustivo abano de fontes primarias e secundarias, e estrutúrase da seguinte maneira:

1. ANÁLISE DEMOGRÁFICA.

- 1.1. A poboación de Camariñas: series históricas e situación actual.
- 1.2. O crecemento natural ou vexetativo no Concello de Camariñas.
- 1.3. O movemento migratorio no Concello de Camariñas.
- 1.4. Estrutura actual da poboación por idade e sexo.

2. ANÁLISE E DESCRICIÓN DA ESTRUTURA FORMATIVA.

- 2.1. Análise do nivel de estudos da poboación de Camariñas.
- 2.2. Tipo de estudos segundo sexo.
- 2.3. Análise da poboación en proceso de formación.
- 2.4. Accións formativas impartidas polo Concello de Camariñas no marco do I PIOM

3. ANÁLISE DA ESTRUTURA ECONÓMICA E DO MERCADO DE TRABALLO.

- 3.1. Relación da poboación camariñá coa actividade económica.
- 3.2. Taxas de actividade e de ocupación.
- 3.3. Poboación segundo ocupación, sectores de actividade e situación profesional.
- 3.4. A poboación desempregada de Camariñas: estacionalidade do paro e análise da colocación por sexo.
- 3.5. Actividades económicas no Concello de Camariñas.

4. VIOLENCIA DE XÉNERO E BENESTAR SOCIAL.


- 4.1. Evolución da violencia de xénero.
- 4.2. Colectivos en risco de exclusión social: RISGA e outras prestacións sociais.
- 4.3. Indicadores do benestar.

ANÁLISE DEMOGRÁFICA

1.1. A poboación de Camariñas: series históricas e situación actual

O Concello de Camariñas contaba cunha poboación de 6.275 habitantes no ano 2007, mantendo unha evolución demográfica descendente ao longo da última década; neste senso, apreciase que dende o ano 1996 Camariñas perdeu ao redor de 1.000 habitantes aproximadamente (*ver gráfico 1*). Esta evolución correspóndese coa tendencia á forte perda demográfica reflectida en gran parte dos concellos rurais e costeiros de Galicia -como consecuencia da emigración ás grandes cidades da provincia e a outros puntos da xeografía nacional-.

Gráfico 1.1



Fonte: Series históricas de poboación. INE

Comparando as taxas de crecemento para o período 1996-2007 segundo diferentes niveis territoriais, tanto Galicia como a provincia da Coruña manteñen dende o ano 2001 un tímido crecemento; namentres, Camariñas reflicte datos negativos ao longo dos últimos dez anos (*ver táboa 1*).

Atendendo á situación concreta de Terra de Soneira, conséntase a mesma tendencia da que se ven falando -perda poboacional máis acusada a mediados dos anos noventa e lixeiro remonte das cifras nos últimos anos-. Se ben é certo que estas cifras comarcais amosan unha diminución menor que no caso do Concello de Camariñas, vese que o conxunto da Comarca perdeu un 1% da súa poboación soamente no ano 2007.

Táboa 1

| Evolución Taxas de Crecemento Totais -%- (1996-2007) | | | | |
|---|------------------|-----------------------------------|-----------------------------|----------------|
| | <i>Camariñas</i> | <i>Terra de Soneira (Comarca)</i> | <i>A Coruña (Provincia)</i> | <i>Galicia</i> |
| 1998 | -3,4 | -4,0 | -0,4 | -0,7 |
| 1999 | -0,6 | -0,6 | 0,2 | 0,2 |
| 2000 | -3,7 | -2,0 | -0,1 | 0,1 |
| 2001 | -1,0 | -0,4 | 0,0 | 0,0 |
| 2002 | -1,9 | -1,4 | 0,3 | 0,2 |
| 2003 | -0,3 | -0,8 | 0,8 | 0,5 |
| 2004 | -1,5 | -1,6 | 0,0 | 0,0 |
| 2005 | -0,5 | -0,8 | 0,5 | 0,4 |
| 2006 | -2,3 | -1,5 | 0,2 | 0,2 |
| 2007 | -0,8 | -1,0 | 0,3 | 0,2 |

Fonte: Elaboración propia e series de poboación dende 1996. INE


Retomando o caso concreto de Camariñas, será nos anos 1998 e 2000 cando máis poboación perda este termo municipal, cunha taxa de decrecemento do -3,4% e -3,7% respectivamente. De todas formas, cabe anotar que este descenso de habitantes é similar tanto para os homes como para as mulleres en grande parte do período 1998-2007 (*ver táboa 2 e gráfico 2*).

Táboa 2

| Evolución recente da poboación do Concello de Camariñas | | | | | | |
|---|-----------|-------|----------|---------|---------------|------------------|
| | Poboación | | | TCT (%) | | |
| | Total | Homes | Mulleres | TCT (%) | TCT Homes (%) | TCT Mulleres (%) |
| 1998 | 7.105 | 3.517 | 3.588 | -3,4 | -4,4 | -2,5 |
| 1999 | 7.063 | 3.475 | 3.588 | -0,6 | -1,2 | 0,0 |
| 2000 | 6.813 | 3.357 | 3.456 | -3,7 | -3,5 | -3,8 |
| 2001 | 6.747 | 3.335 | 3.412 | -1,0 | -0,7 | -1,3 |
| 2002 | 6.620 | 3.275 | 3.345 | -1,9 | -1,8 | -2,0 |
| 2003 | 6.597 | 3.256 | 3.341 | -0,3 | -0,6 | -0,1 |
| 2004 | 6.502 | 3.199 | 3.303 | -1,5 | -1,8 | -1,2 |
| 2005 | 6.467 | 3.192 | 3.275 | -0,5 | -0,2 | -0,9 |
| 2006 | 6.323 | 3.120 | 3.203 | -2,3 | -2,3 | -2,2 |
| 2007 | 6.275 | 3.112 | 3.163 | -0,8 | -0,3 | -1,3 |

Fonte: Elaboración propia e series de poboación dende 1998. INE

Gráfico 2



Fonte: Elaboración propia e series de poboación dende 1998. INE

1.2. O crecemento natural ou vexetativo do Concello de Camariñas

O movemento natural ou vexetativo consiste no estudo da evolución dos nacementos e defuncións que inciden directamente no volume poboacional de calquera entidade, neste caso do municipio de Camariñas. O desenvolvemento destes indicadores demográficos non debe entenderse, polo tanto, como un feito illado, senón que hai que analízalo como unha parte compoñente dun contexto demográfico máis amplo.

Como se pode observar na táboa inferior (*ver táboa 3*), Camariñas arroxa un saldo vexetativo negativo ao longo dos últimos dez anos, nos que ven mantendo unha evolución relativamente estable que se sitúa entornando ao -0,4%. Vese tamén que estas cifras empeoran no caso da Comarca de Terra de Soneira -onde a media se sitúa no -0,6%-. Así mesmo, tanto a provincia da Coruña como Galicia tamén reflicten balances vexetativos de carácter negativo, en todo caso menos acusados que os de Camariñas, dende 1996 ata a actualidade.


Táboa 3

| | Evolución taxas do saldo vexetativo -%- (1996-2007) | | | |
|--------------|---|-----------------------------------|-----------------------------|----------------|
| | <i>Camariñas</i> | <i>Terra de Soneira (Comarca)</i> | <i>A Coruña (Provincia)</i> | <i>Galicia</i> |
| 1.996 | -0,4 | -0,6 | -0,3 | -0,4 |
| 1.998 | -0,2 | -0,3 | -0,3 | -0,4 |
| 1.999 | -0,4 | -0,4 | -0,3 | -0,4 |
| 2.000 | -0,4 | -0,5 | -0,3 | -0,3 |
| 2.001 | -0,4 | -0,5 | -0,3 | -0,3 |
| 2.002 | -0,3 | -0,4 | -0,3 | -0,3 |
| 2.003 | -0,3 | -0,6 | -0,3 | -0,3 |
| 2.004 | -0,2 | -0,5 | -0,2 | -0,3 |
| 2.005 | -0,7 | -0,6 | -0,2 | -0,3 |
| 2.006 | -0,3 | -0,6 | -0,2 | -0,3 |
| 2.007 | -0,4 | -0,6 | -0,2 | -0,3 |

Fonte: Movemento natural da poboación. INE

Esmiuzando o caso camariñá, o número de defuncións comezou a ser sempre superior aos nacementos na primeira metade dos anos noventa (concretamente en 1993). Neste senso, e como resultado desta circunstancia progresiva, obtense un saldo vexetativo negativo a partir de ano 1995 -que continúa durante os anos seguintes e que permanece na actualidade (ver gráfico 3)-.


Gráfico 3



Fonte: Elaboración propia e movemento natural da poboación. INE


Nos gráficos inferiores (ver gráficos 4 e 5) obsérvase como a medida que descende o número de nacementos -de forma brusca a partires de principios dos noventa- van aumentando paulatinamente os casos de defuncións. Desagregando estas cifras por xénero, constátase que hai máis falecementos masculinos que femininos, feito directamente ligado á maior esperanza de vida que posúen as mulleres no contexto europeo.

Gráfico 4



Fonte: Elaboración propia e movemento natural da poboación. INE

Gráfico 5



Fonte: Elaboración propia e movemento natural da poboación. INE

Ao comparar os principais indicadores demográficos do Concello de Camariñas cos comarcais, as cifras reflicten unha realidade concordante con todo o dito ata o momento (*ver táboa 4*). Así, no ano 2006 naceron en Camariñas 5,4 nenos/as por cada mil residentes -tres décimas por debaixo da Comarca- e morreron 10,4 habitantes por cada mil -máis dun punto menos que en Terra de Soneira-. Asemade, precisar que a taxa de natalidade é bastante maior no contexto provincial (7,9) e galego (7,7) que no camariñá.


Táboa 4

| Indicadores demográficos (2006) | | | | |
|--|----------------------------------|---------------------------------------|---------------------------------|----------------|
| | <i>Concello de Camariñas</i> | <i>Terra de Soneira (Comarca)</i> | <i>A Coruña (Provincia)</i> | <i>Galicia</i> |
| Taxa Bruta de Natalidade | 5,4 | 5,7 | 7,9 | 7,7 |
| Taxa Bruta de Mortalidade | 10,4 | 11,6 | 10,1 | 10,6 |
| Taxa Xeral de Fecundidade | 23,1 | 25,6 | 31,8 | 31,5 |
| Índice Sintético de Fecundidade | 0,9 | 0,9 | 1,0 | 1,0 |

Fonte: Indicadores demográficos. 2006. IGE

Seguindo a mesma liña, a taxa xeral de fecundidade amosa no caso de Camariñas -para o ano 2006- que por cada 1000 mulleres en idade fértil naceron 23,1 nenos/as -mentres que no mesmo ano na Comarca naceron 25,6 bebés por cada 1000 mulleres en idade fértil- (*ver gráfico 6*). Aínda así, tanto o Concello de Camariñas como Terra de Soneira contan cunhas cifras significativamente inferiores ás que reflicte a provincia (31,8) e a Comunidade Autónoma (31,9).


Gráfico 6



Fonte: Elaboración propia e Indicadores demográficos. 2006. IGE

Por outra banda, o índice sintético de fecundidade -que indica o número medio de fillos que ten unha muller en idade fértil- arroxa a mesma cifra -0,9- tanto no caso de Camariñas como no da súa Comarca (*ver gráfico 7*). En definitiva, o número de fillos/as por muller que se considera preciso para a renovación das xeracións vindeiras (2,1 fillos/as por muller), está moi lonxe de darse no municipio³.

Gráfico 7



Fonte: Elaboración propia e Indicadores demográficos. 2006. IGE

³ Reflexión feita por Fernández e Montero (2003: 13) para contexto camariñá que, a pesar do transcurso dos anos, segue vixente.


Observando a evolución dos indicadores demográficos do Concello de Camariñas é moi destacable constatar que nos dous períodos cuatrianuais de contraste (1998-2001 e 2002-2005), a taxa xeral de fecundidade permanece estable e mesmo aumenta -1,7 puntos por muller-; o mesmo ocorre co índice sintético de fecundidade e coa taxa bruta de natalidade. Pola contra, a taxa bruta de mortalidade ascende a seis décimas (*ver táboa 5 e gráficos 8 e 9*) por mor dun progresivo envellecemento poboacional.

Táboa 5

| Evolución dos indicadores demográficos do Concello de Camariñas | | | | |
|--|---------------------------------|----------------------------------|--|----------------------------------|
| | Taxa Bruta de Natalidade | Taxa Xeral de Fecundidade | Índice Sintético de Fecundidade | Taxa Bruta de Mortalidade |
| 1998 | 6,5 | 26,9 | 0,9 | 9,4 |
| 1999 | 5,3 | 22,0 | 0,7 | 8,0 |
| 2000 | 5,0 | 20,9 | 0,7 | 9,0 |
| 2001 | 5,3 | 22,1 | 0,7 | 9,3 |
| 2002 | 5,4 | 23,0 | 0,8 | 8,8 |
| 2003 | 6,0 | 25,2 | 0,9 | 8,9 |
| 2004 | 6,4 | 26,9 | 0,9 | 8,9 |
| 2005 | 5,9 | 25,1 | 0,9 | 10,4 |
| 2006 | 5,4 | 23,1 | 0,9 | 10,4 |
| 1998-2001 | 5,5 | 23,0 | 0,8 | 8,9 |
| 2002-2006 | 5,8 | 24,7 | 0,9 | 9,5 |


Fonte: Elaboración propia e Indicadores demográficos. IGE

Gráfico 8



Fonte: Elaboración propia e Indicadores demográficos. IGE

Gráfico 9



Fonte: Elaboración propia e Indicadores demográficos. IGE


En canto á idade media á maternidade, no caso de Camariñas estase retrasando con rapidez o momento de ter fillos/as; así, se no ano 1998 a media era de 27,2 anos, no 2006 esta idade ampliase aos 29,4 anos. Non obstante, comparando estas cifras coas comarcais, provinciais e autonómicas (*ver táboa 6 e gráfico 10*), revélase un feito social relevante: á menor idade media á maternidade -con case que dous anos de adiante respecto de Galicia no ano 2006- localízase no espazo camariñá.

Táboa 6

| Evolución da idade media á maternidade | | | | |
|--|------------------|-----------------------------------|-----------------------------|----------------|
| | <i>Camariñas</i> | <i>Terra de Soneira (Comarca)</i> | <i>A Coruña (Provincia)</i> | <i>Galicia</i> |
| 1998 | 27,2 | 27,8 | 30,1 | 29,9 |
| 1999 | 27,9 | 28,8 | 30,4 | 30,1 |
| 2000 | 28,6 | 28,9 | 30,6 | 30,3 |
| 2001 | 29,1 | 29,1 | 30,8 | 30,6 |
| 2002 | 29,4 | 29,8 | 31,0 | 30,7 |
| 2003 | 29,6 | 30,4 | 31,1 | 30,9 |
| 2004 | 29,9 | 30,6 | 31,2 | 31,0 |
| 2005 | 29,5 | 30,3 | 31,3 | 31,1 |
| 2006 | 29,4 | 30,6 | 31,5 | 31,3 |

Fonte: Indicadores demográficos. IGE

Gráfico 10



Fonte: Elaboración propia e indicadores demográficos. IGE

En concordancia con esta apreciación analítica, estudando os datos acerca dos nacementos segundo a idade da nai, obsérvase que son as camariñás de entre 25 e 29 anos as que aglutinan a maior porcentaxe de nacementos -41,7%-; a continuación atópanse as mulleres de 20 a 24 anos -19,4%-. No caso da Comarca de Terra de Soneira son as mulleres de 25 a 29 -34,9%- e as de 30 a 34 -29,4%- quen teñen máis descendencia; asemade, no marco da provincia e de Galicia, é o grupo mulleres de 30 a 34 anos o que conta cun maior número de nacementos (*ver táboa 7*).

Táboa 7

| Porcentaxe nacementos segundo idade da nai (2006) | | | | |
|--|------------------|-----------------------------------|-----------------------------|----------------|
| | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 |
| Menos de 20 | 0 | 0 | 1,5 | 1,9 |
| 20-24 | 19,4 | 11,9 | 7,7 | 8,3 |
| 25-29 | 41,7 | 34,9 | 22,6 | 24,5 |
| 30-34 | 16,7 | 29,4 | 39,8 | 38,6 |
| 35-39 | 16,7 | 19,8 | 23,8 | 22,7 |
| 40-44 | 5,6 | 4,0 | 4,2 | 3,8 |
| 45 e máis | 0 | 0 | 0,4 | 0,3 |

Fonte: Elaboración propia e movemento natural da poboación. IGE


Ampliando a información precedente, e como se observa na táboa inferior (*ver táboa 8 e gráfico 11*), Camariñas contempla algunhas variacións nos últimos anos en canto a nacementos segundo a idade da nai. Así, os nacementos no grupo de idade de 25 a 29 anos incrementáronse ata representar o 41,7% do total no 2006; de igual xeito, atendendo aos extremos da distribución no período 1996-2006, desaparecen os nacementos de mulleres menores de 20 anos e, pola contra, os correspondentes a mulleres de 40 e 44 anos pasan a representar ao 5,6% do total.

Táboa 8

| Evolución porcentaxe de nacementos segundo idade da nai no Concello de Camariñas | | |
|--|------|------|
| | 1996 | 2006 |
| Total | 100 | 100 |
| Menos de 20 | 2,3 | 0 |
| 20-24 | 20,9 | 19,4 |
| 25-29 | 32,6 | 41,7 |
| 30-34 | 20,9 | 16,7 |
| 35-39 | 23,3 | 16,7 |
| 40-44 | 0 | 5,6 |
| 45 e máis | 0 | 0 |

Fonte: Elaboración propia e movemento natural da poboación. IGE

Gráfico 11



Fonte: Elaboración propia e movemento natural da poboación. IGE

1.3. O movemento migratorio no Concello de Camariñas

Unha vez observado o crecemento vexetativo, é preciso deterse no movemento migratorio de Camariñas; é dicir, o estudo do volume de emigrantes e inmigrantes que, nun período de tempo considerado, se adscriben a esta entidade territorial.

Analizando o saldo migratorio, expresado en taxas, do Concello de Camariñas, pódese observar que o termo municipal amosa un tímido crecemento nos últimos anos (*ver táboa 9*), antes da perda de poboación que arroxou o ano 2005. Pola contra, a Comarca de Terra de Soneira moveuse nunhas cifras que deron como resultado un saldo migratorio negativo dende 1998 e do que non se recuperou de forma significativa nos dous últimos anos. Pola súa banda, a provincia da Coruña e Galicia coinciden nos seus balances migratorios, que son de carácter positivo e tendencia crecente ao longo da última década.


Táboa 9

| Evolución taxas do saldo migratorio -%- (1996-2006) | | | | |
|--|------------------|---------------------------------------|-----------------------------|----------------|
| | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia |
| 1.996 | 0,4 | 0,2 | 0,1 | 0,1 |
| 1.998 | -1,2 | -0,6 | 0,2 | 0,1 |
| 1.999 | -2,2 | -0,8 | 0,1 | 0,1 |
| 2.000 | -1,2 | -0,7 | 0,3 | 0,3 |
| 2.001 | -1,0 | -0,6 | 0,3 | 0,3 |
| 2.002 | -0,5 | -0,5 | 0,6 | 0,4 |
| 2.003 | 0,4 | -0,1 | 0,6 | 0,4 |
| 2.004 | 0,3 | -0,1 | 0,6 | 0,5 |
| 2.005 | -1,1 | -0,6 | 0,6 | 0,6 |
| 2.006 | 0,1 | -0,3 | 0,7 | 0,6 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE e INE

Desagregando esta magnitude e observando o gráfico inferior (*ver gráfico 12*), dende o ano 1990 ata o 2006 vese que o Concello de Camariñas non mantivo unha tendencia estable. Salvo nos picos anuais de 2003, 2004 e 2006, é superior o volume de emigración que o de inmigración.

Gráfico 12



Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE e INE

Entender esta situación migratoria pasa por analizar os fluxos de emigración e inmigración máis recentes -neste caso do ano 2006-, segundo o lugar de orixe e de destino de cada un destes colectivos.

Deste xeito, pódese destacar que no período 2002-2007 o volume de emigrantes mantense estable -arredor das 200 persoas por ano- (*ver táboa 10*). Con diferenza, a maioría dos mesmos teñen, en clara progresión, como destino principal Galicia; por outro lado, nestes anos diminuíu de xeito paralelo tanto a emigración cara a outras Comunidades Autónomas (do 27,5% de 2002 ata o 13,9% de 2007) como ao estranxeiro (do 32,4% de 2002 ata o 12,7% de 2007)⁴.

⁴ No I PIOM argumentábase que Camariñas “é un concello de forte tradición migratoria forzada polo precario desenvolvemento das súas condicións económicas” (Asociación Lilith e Rama, 2004: 10); ao noso xuízo, inda que esta apreciación é válida, parece que os fluxos emigratorios camariñás tenden a estabilizarse e ser menos intensos que no pasado.

Táboa 10

| Emigración segundo lugar de destino | | | | | | | | |
|-------------------------------------|--------|-----------|--------------|----------------|------------|-----------|--------------|----------------|
| | Número | | | | Porcentaxe | | | |
| | Total | A Galicia | A outra CCAA | Ao estranxeiro | Total | A Galicia | A outra CCAA | Ao estranxeiro |
| 2002 | 207 | 83 | 57 | 67 | 100 | 40,1 | 27,5 | 32,4 |
| 2003 | 193 | 103 | 51 | 39 | 100 | 53,4 | 26,4 | 20,2 |
| 2004 | 220 | 144 | 56 | 20 | 100 | 65,5 | 25,5 | 9,1 |
| 2005 | 256 | 154 | 56 | 46 | 100 | 60,2 | 21,9 | 18,0 |
| 2006 | 199 | 150 | 21 | 28 | 100 | 75,4 | 10,6 | 14,1 |
| 2007 | 244 | 179 | 34 | 31 | 100 | 73,4 | 13,9 | 12,7 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE e INE

Segundo sexo, o fluxo emigratorio camariñá repártese de xeito bastante equilibrado entre homes e mulleres; precisar a este respecto que nos anos 2004 e 2006, o volume de emigrantes maioritario foi feminino (*ver táboa 11*).

Táboa 11

| Emigración segundo sexo | | | | | | |
|-------------------------|--------|----------|-------|------------|----------|-------|
| | Número | | | Porcentaxe | | |
| | Total | Mulleres | Homes | Total | Mulleres | Homes |
| 2002 | 207 | 94 | 113 | 100 | 45,4 | 54,6 |
| 2003 | 193 | 91 | 102 | 100 | 47,2 | 52,8 |
| 2004 | 220 | 119 | 101 | 100 | 54,1 | 45,9 |
| 2005 | 256 | 121 | 135 | 100 | 47,3 | 52,7 |
| 2006 | 199 | 104 | 95 | 100 | 52,3 | 47,7 |
| 2007 | 244 | 112 | 132 | 100 | 45,9 | 54,1 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE e INE

No tocante ao fluxo inmigratorio no período 2002-2007 (*ver táboa 12*), Camariñas presenta en número absolutos unha tendencia cara a estabilización do mesmo; de igual modo, a proporción das persoas chegadas de Galicia (36,1%) e do estranxeiro (36,9%) ao municipio é bastante similar -especialmente no ano 2007-

Táboa 12

| Inmigración segundo lugar de destino | | | | | | | | |
|--------------------------------------|--------|-----------|--------------|----------------|------------|-----------|--------------|----------------|
| | Número | | | | Porcentaxe | | | |
| | Total | A Galicia | A outra CCAA | Ao estranxeiro | Total | A Galicia | A outra CCAA | Ao estranxeiro |
| 2002 | 175 | 49 | 57 | 69 | 100 | 28,0 | 32,6 | 39,4 |
| 2003 | 222 | 86 | 53 | 83 | 100 | 38,7 | 23,9 | 37,4 |
| 2004 | 239 | 72 | 76 | 91 | 100 | 30,1 | 31,8 | 38,1 |
| 2005 | 185 | 63 | 57 | 65 | 100 | 34,1 | 30,8 | 35,1 |
| 2006 | 207 | 90 | 43 | 74 | 100 | 43,5 | 20,8 | 35,7 |
| 2007 | 233 | 84 | 63 | 86 | 100 | 36,1 | 27,0 | 36,9 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE e INE

De xeito máis marcado que na realidade emigratoria (*ver táboa 13*), a inmigración camariñá vese caracterizada pola lixeira predominancia das mulleres no período 2002-2007.

Táboa 13

| Emigración segundo sexo | | | | | | |
|-------------------------|--------|----------|-------|------------|----------|-------|
| | Número | | | Porcentaxe | | |
| | Total | Mulleres | Homes | Total | Mulleres | Homes |
| 2002 | 175 | 90 | 85 | 100 | 51,4 | 48,6 |
| 2003 | 222 | 118 | 104 | 100 | 53,2 | 46,8 |
| 2004 | 239 | 130 | 109 | 100 | 54,4 | 45,6 |
| 2005 | 185 | 99 | 86 | 100 | 53,5 | 46,5 |
| 2006 | 207 | 109 | 98 | 100 | 52,7 | 47,3 |
| 2007 | 233 | 131 | 102 | 100 | 56,2 | 43,8 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE e INE

En canto á poboación estranxeira, e observando a evolución sostida da mesma no Concello de Camariñas dende o ano 2000 ata o 2007, esta ven representando entorno ao 1,4% da poboación total. Se ben esta cifra diminúe algo no caso da Comarca -1,3%-, na provincia da Coruña e en Galicia a poboación de nacionalidade estranxeira rolda o 2,5% e 2,9% respectivamente da cidadanía (*ver táboa 14*).


Táboa 14

| Poboación de nacionalidade estranxeira | | | | | | | | | |
|--|-----------|-------------------------------|-----------|-------------------------|-----------|---------|-----------|-------|-----------|
| Concello Camariñas | | Terra de Soneira (Comarca) | | A Coruña (Provincia) | | Galicia | | | |
| % sobre | | % sobre | | % sobre | | % sobre | | | |
| Nº | poboación | Nº | poboación | Nº | poboación | Nº | poboación | Nº | poboación |
| total | | total | | total | | total | | total | |
| 2.000 | 90 | 1,32 | 116 | 0,53 | 7.367 | 0,66 | 25.602 | 0,94 | |
| 2.001 | 97 | 1,44 | 129 | 0,59 | 10.360 | 0,94 | 33.058 | 1,21 | |
| 2.002 | 91 | 1,37 | 137 | 0,64 | 13.885 | 1,25 | 42.462 | 1,55 | |
| 2.003 | 97 | 1,47 | 197 | 0,93 | 18.212 | 1,62 | 53.808 | 1,96 | |
| 2.004 | 83 | 1,28 | 218 | 1,04 | 19.945 | 1,78 | 58.387 | 2,12 | |
| 2.005 | 91 | 1,41 | 266 | 1,28 | 23.855 | 2,12 | 69.363 | 2,51 | |
| 2.006 | 82 | 1,30 | 237 | 1,16 | 25.468 | 2,26 | 73.756 | 2,67 | |
| 2.007 | 87 | 1,39 | 263 | 1,30 | 28.137 | 2,48 | 81.442 | 2,94 | |

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

Concretamente, estudando por sexos a poboación estranxeira afincada en Camariñas, vense, novamente, unhas cifras moi similares de homes e mulleres nos últimos anos -sendo estas últimas lixeiramente superiores en número- (ver gráfico 13).

Gráfico 13




Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

En canto a súa procedencia, cabe destacar que no pasado ano a maioría de mulleres de nacionalidade estranxeira chegaron dende Europa, sendo o segundo colectivo máis numeroso o das cidadás procedentes do continente americano. No caso dos homes, a proporción de americanos con respecto á dos europeos é lixeiramente superior (concretamente esta sitúase cinco puntos porcentuais por riba). En definitiva, a poboación inmigrante camariñá está formada fundamentalmente por nacionais de Europa e América (ambos supoñen o 84,1% das mulleres estranxeiras e o 83,7% dos homes estranxeiros).


Sinalar por último que, para ámbolos dous sexos, resalta a chegada crecente de nacionais africanos a partir do ano 2005 (*ver gráfico 14 e 15*); estes, no ano 2007, xa representan ao 16,3% dos homes e o 13,6% das mulleres de nacionalidade estranxeira en Camariñas.

Gráfico 14



Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

Gráfico 15



Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE



1.4. Estrutura actual da poboación: poboación por idade e sexo.

Unha vez analizados os aspectos dinámicos -migratorios ou vexetativos- dun estudo demográfico, é necesario facer unha análise estática ou “fotografía” da poboación resultante do Concello de Camariñas na actualidade. En principio, ao comparar as pirámides poboacionais da Comarca de Terra de Soneira coas do municipio no pasado ano 2007, pódese observar como ambas presentan un perfil e forma moi similares: un estreitamento na base, como consecuencia directa do progresivo descenso da natalidade, e un ensanchamento na parte da pirámide correspondente aos rangos superiores de idade -especialmente no caso das mulleres- (ver gráficos 16 e 17)⁵.

En ámbolos dous casos, as pirámides poboacionais mostran unha información moi clara: tanto Terra de Soneira como o Concello de Camariñas diríxense cara un avellentamento poboacional. Non obstante, os tramos intermedios de idade, é dicir a poboación potencialmente activa (de 16 a 65 anos), son os máis destacados; delas e deles, en función das súas condicións socioeconómicas, dependerá no futuro mediato un aumento ou diminución do número de nacementos.

⁵ Esta mesma reflexión recóllese, tamén, no I PIOM do Concello de Camariñas para o período 1991-2001 (Asociación Liliith e Rama, 2004: 10). Polo tanto, esta tendencia demográfica segue manténdose nos últimos anos.

Gráficos 16, 17 e 18



Fonte: Elaboración propia e Padrón Municipal. 2007. INE e IGE


No senso apuntado, observando a táboa e o gráfico inferior (*ver táboa 15 e gráfico 19*), pode apreciarse que a proporción de poboación de 65 e máis anos é superior no Concello de Camariñas (22,1%) que na provincia (20,5%) ou en Galicia (21,6%). Non obstante, na conxuntura municipal detéctase un maior volume de menores de 20 anos (16,6%) que nos tres niveis territoriais de contraste -comarca, provincia e ámbito autonómico-, cuestión que revela certa dinamicidade demográfica no espazo municipal.

Táboa 15

| Poboación segundo grandes grupos de idade | | | |
|---|--|--|---|
| | Porcentaxe de poboación menor de 20 anos | Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos | Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos |
| Galicia | 16,0 | 62,5 | 21,6 |
| A Coruña (Provincia) | 15,8 | 63,7 | 20,5 |
| Terra de Soneira (Comarca) | 15,2 | 61,0 | 23,8 |
| Camariñas | 16,6 | 61,3 | 22,1 |

Fonte Padrón Municipal. 2007. INE e IGE

Gráfico 19



Fonte: Elaboración propia e Padrón municipal. 2007. INE e IGE


Atendendo ao sexo, e tal e como xa se apreciaba na pirámide poboacional, a proporción de homes é maior nos tramos principais de idade (xoves menores de 20 anos e poboación de entre 20 e 64 anos). As mulleres tan só superan sensiblemente aos varóns cando chegan ao grupo dos 65 e máis anos, polo que se pode afirmar que en Camariñas estase a producir unha feminización do avellentamento -cifrado en sete puntos porcentuais no ano 2007- (ver táboa 16 e gráfico 20).

Táboa 16

| Composición da poboación do Concello de Camariñas segundo grandes grupos de idade (2007) | | | |
|--|--|--|---|
| | Porcentaxe de poboación menor de 20 anos | Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos | Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos |
| Homes | 17,4 | 63,9 | 18,7 |
| Mulleres | 15,8 | 58,7 | 25,4 |

Fonte: Padrón municipal. 2007. INE e IGE

Gráfico 20



Fonte: Elaboración propia e Padrón municipal. 2007. INE e IGE

Comparando os distintos indicadores demográficos (*ver táboa 17*), vese como a situación de Camariñas é máis positiva que a de Terra de Soneira, pois reflicte cifras máis baixas en case tódolos aspectos demográficos relevantes -por exemplo, posuíndo unha idade media e un índice de envellecemento considerablemente máis baixos-⁶


⁶ IDADE MEDIA: equivale á media aritmética das idades dos individuos que compoñen unha poboación / ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO: indica a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos / ÍNDICE DE SOBREENVELLECIMENTO: detalla a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos / ÍNDICE DE DEPENDENCIA GLOBAL: detalla a relación entre os grupos de poboación economicamente dependentes -poboación menor de 20 anos e poboación maior de 64 anos- e o grupo de poboación potencialmente activa -poboación entre 20 e 64 anos- / ÍNDICE DE DEPENDENCIA XUVENIL: da conta da relación entre a poboación nova -poboación menor de 20 anos- e a poboación potencialmente activa -poboación entre 20 e 64 anos- / ÍNDICE DE DEPENDENCIA SENIL: mide a relación entre a poboación maior -poboación maior de 64 anos- e a poboación potencialmente activa -poboación entre 20 e 64 anos-.

Táboa 17

| Indicadores demográficos (2007) | | | | |
|---|---------|-------------------------|-------------------------------|-----------|
| | Galicia | A Coruña (Provincia) | Terra de Soneira (Comarca) | Camariñas |
| Idade media | 44 | 44 | 46 | 45 |
| <i>Homes</i> | 43 | 42 | 44 | 43 |
| <i>Mulleres</i> | 46 | 46 | 48 | 47 |
| Porcentaxe de poboación menor de 20 anos | 16,0 | 15,8 | 15,2 | 16,6 |
| <i>Homes</i> | 17,0 | 16,9 | 16,3 | 17,4 |
| <i>Mulleres</i> | 14,9 | 14,8 | 14,2 | 15,8 |
| Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos | 62,5 | 63,7 | 61,0 | 61,3 |
| <i>Homes</i> | 64,4 | 65,6 | 63,7 | 63,9 |
| <i>Mulleres</i> | 60,6 | 61,9 | 58,4 | 58,7 |
| Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos | 21,6 | 20,5 | 23,8 | 22,1 |
| <i>Homes</i> | 18,5 | 17,6 | 20,0 | 18,7 |
| <i>Mulleres</i> | 24,4 | 23,2 | 27,4 | 25,4 |
| Índice de envellecemento | 135,2 | 130,0 | 156,1 | 133,1 |
| <i>Homes</i> | 108,7 | 103,9 | 122,9 | 107,8 |
| <i>Mulleres</i> | 163,4 | 157,6 | 192,7 | 160,5 |
| Índice de sobreenvellecemento | 13,3 | 12,5 | 13,0 | 11,3 |
| <i>Homes</i> | 9,7 | 8,8 | 9,0 | 6,7 |
| <i>Mulleres</i> | 15,9 | 15,1 | 15,8 | 14,7 |
| Índice de dependencia global | 60,1 | 57,0 | 63,9 | 63,1 |
| <i>Homes</i> | 55,2 | 52,6 | 57,0 | 56,4 |
| <i>Mulleres</i> | 64,9 | 61,4 | 71,1 | 70,2 |
| Índice de dependencia xuvenil | 25,5 | 24,8 | 24,9 | 27,1 |
| <i>Homes</i> | 26,4 | 25,8 | 25,6 | 27,1 |
| <i>Mulleres</i> | 24,7 | 23,9 | 24,3 | 27,0 |
| Índice de dependencia senil | 34,5 | 32,2 | 38,9 | 36,0 |
| <i>Homes</i> | 28,7 | 26,8 | 31,4 | 29,2 |
| <i>Mulleres</i> | 40,3 | 37,6 | 46,8 | 43,3 |

Fonte: Indicadores demográficos. 2007. IGE

Gráfico 21



Fonte: Indicadores demográficos. 2007. IGE


Ao deterse nunha análise da evolución destes indicadores demográficos a nivel local, rexístrase, como consecuencia da progresiva redución da poboación máis nova do Concello, que indicadores como o de envellecemento incrementáronse considerablemente (pasando dun 68,3 a un 133,1 no ano 2007 *(ver táboa 18)*). Paulatinamente a idade media en Camariñas tamén viuse incrementada, pasando dos 39 aos 45 anos (sempre con valores superiores para as mulleres). En canto á diferenciación por sexos, o comportamento de homes e mulleres é moi similar -inda que os índices que relacionan á xuventude coa poboación de máis idade (índice de dependencia senil), ou os que relacionan os grupos economicamente dependentes cos potencialmente activos (índices de dependencia global), sempre amosan cifras superiores no caso das mulleres camariñas-.

Táboa 18

| Evolución indicadores demográficos Concello de Camariñas | | | | | | | | | | |
|--|------|------|------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| | 1998 | 1999 | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 |
| Idade media | 39 | 40 | 41 | 42 | 43 | 43 | 44 | 44 | 45 | 45 |
| <i>Homes</i> | 38 | 39 | 40 | 40 | 41 | 42 | 42 | 43 | 43 | 43 |
| <i>Mulleres</i> | 41 | 42 | 42 | 43 | 44 | 44 | 45 | 46 | 46 | 47 |
| Porcentaxe de poboación menor de 20 anos | 23,8 | 22,6 | 21,5 | 20,2 | 19,0 | 18,4 | 17,6 | 17,3 | 16,8 | 16,6 |
| <i>Homes</i> | 24,6 | 23,3 | 21,9 | 20,4 | 19,1 | 18,8 | 18,1 | 17,9 | 17,7 | 17,4 |
| <i>Mulleres</i> | 23,0 | 21,9 | 21,1 | 20,0 | 18,9 | 18,0 | 17,2 | 16,7 | 16,0 | 15,8 |
| Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos | 59,9 | 60,1 | 60,0 | 60,4 | 60,3 | 60,7 | 61,4 | 61,6 | 61,5 | 61,3 |
| <i>Homes</i> | 61,7 | 62,1 | 62,1 | 63,1 | 62,9 | 63,2 | 64,0 | 64,4 | 64,1 | 63,9 |
| <i>Mulleres</i> | 58,2 | 58,2 | 57,9 | 57,8 | 57,7 | 58,3 | 58,8 | 58,9 | 58,9 | 58,7 |
| Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos | 16,2 | 17,3 | 18,5 | 19,4 | 20,7 | 20,9 | 21,0 | 21,1 | 21,7 | 22,1 |
| <i>Homes</i> | 13,8 | 14,6 | 16,0 | 16,6 | 17,9 | 18,0 | 17,9 | 17,7 | 18,3 | 18,7 |
| <i>Mulleres</i> | 18,7 | 19,9 | 21,0 | 22,2 | 23,4 | 23,7 | 24,0 | 24,4 | 25,0 | 25,4 |
| Índice de envellecemento | 68,3 | 76,4 | 86,2 | 96,5 | 108,9 | 113,5 | 119,4 | 122,1 | 128,8 | 133,1 |
| <i>Homes</i> | 56,0 | 62,8 | 73,2 | 81,4 | 93,6 | 96,1 | 99,3 | 99,3 | 103,4 | 107,8 |
| <i>Mulleres</i> | 81,0 | 90,6 | 99,3 | 111,5 | 124,1 | 131,2 | 139,9 | 145,8 | 156,0 | 160,5 |
| Índice de sobreenvellecemento | 10,1 | 9,8 | 10,2 | 10,1 | 9,5 | 9,6 | 10,2 | 9,7 | 10,3 | 11,3 |
| <i>Homes</i> | 5,4 | 5,3 | 6,1 | 6,7 | 6,6 | 6,1 | 6,4 | 5,7 | 5,8 | 6,7 |
| <i>Mulleres</i> | 13,4 | 13,0 | 13,2 | 12,5 | 11,6 | 12,1 | 12,9 | 12,5 | 13,5 | 14,7 |
| Índice de dependencia global | 66,8 | 66,3 | 66,8 | 65,6 | 65,9 | 64,7 | 63,0 | 62,3 | 62,7 | 63,1 |
| <i>Homes</i> | 62,1 | 61,0 | 61,1 | 58,6 | 58,9 | 58,2 | 56,3 | 55,3 | 56,1 | 56,4 |
| <i>Mulleres</i> | 71,6 | 71,8 | 72,7 | 73,0 | 73,4 | 71,6 | 70,0 | 69,9 | 69,7 | 70,2 |
| Índice de dependencia xuvenil | 39,7 | 37,6 | 35,9 | 33,4 | 31,6 | 30,3 | 28,7 | 28,1 | 27,4 | 27,1 |
| <i>Homes</i> | 39,8 | 37,5 | 35,3 | 32,3 | 30,4 | 29,7 | 28,2 | 27,7 | 27,6 | 27,1 |
| <i>Mulleres</i> | 39,6 | 37,7 | 36,5 | 34,5 | 32,8 | 31,0 | 29,2 | 28,4 | 27,2 | 27,0 |
| Índice de dependencia senil | 27,1 | 28,7 | 30,9 | 32,2 | 34,4 | 34,4 | 34,3 | 34,3 | 35,3 | 36,0 |
| <i>Homes</i> | 22,3 | 23,5 | 25,8 | 26,3 | 28,5 | 28,5 | 28,0 | 27,5 | 28,5 | 29,2 |
| <i>Mulleres</i> | 32,1 | 34,1 | 36,2 | 38,5 | 40,6 | 40,6 | 40,8 | 41,4 | 42,5 | 43,3 |

Fonte: Indicadores demográficos. 2007. IGE

Gráfico 22



Fonte: Indicadores demográficos. 2007. IGE

2. ANÁLISE E DESCRICIÓN DA ESTRUTURA FORMATIVA

2.1. Análise do nivel de estudos da poboación de Camariñas

Para a elaboración do II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Camariñas é preciso deterse no perfil formativo da súa poboación e na análise da súa estrutura educativa; o papel que desempeña a formación a nivel local, e concretamente na vida das mulleres é un dos piares fundamentais na consecución da igualdade entre xéneros.

Comparando o nivel de estudos das e dos habitantes de Camariñas cos demais niveis territoriais, pode apreciarse a existencia dun baixo nivel educativo (*ver táboa 1*), pois a maioría da poboación concéntrase entre os/as que teñen menos de cinco anos de escolarización (34,4%) -cunha porcentaxe moi superior á media autonómica e provincial- e os que non completaron a educación básica (26,3%). De igual xeito, a proporción de poboación analfabeta, que non sabe ler ou escribir, tamén é porcentualmente superior á detectada a nivel comarcal, provincial ou autonómico (entre 2 e 5 puntos porcentuais por riba).

Fixando a atención nas categorías correspondentes aos estudos universitarios, obsérvase como son poucos os camariñáns que chegaron a cursar unha diplomatura, licenciatura ou estudos de doutoramento. Tan só no caso da Formación Profesional, de grao medio ou superior, Camariñas rexistra valores superiores aos recollidos na Comarca (2,3% de habitantes estudando un FP de grao medio e un 3,1% de grao superior).

Táboa 1


| Poboación segundo nivel de estudos (2001) | | | | | | | | |
|--|-----------|----------------------------|----------------------|-----------|------------|----------------------------|----------------------|---------|
| | Número | | | | Porcentaxe | | | |
| | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia |
| Total | 5.534 | 18.300 | 952.816 | 2.334.674 | 100 | 100 | 100 | 100 |
| Non sabe ler ou escribir | 396 | 1.044 | 19.491 | 47.912 | 7,2 | 5,7 | 2,0 | 2,1 |
| Menos de 5 anos de escolarización | 1.903 | 5.754 | 138.963 | 381.258 | 34,4 | 31,4 | 14,6 | 16,3 |
| Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB | 1.454 | 5.266 | 236.131 | 621.097 | 26,3 | 28,8 | 24,8 | 26,6 |
| Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo | 1.073 | 3.769 | 245.614 | 585.711 | 19,4 | 20,6 | 25,8 | 25,1 |
| Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU | 234 | 937 | 112.757 | 262.685 | 4,2 | 5,1 | 11,8 | 11,3 |
| FPI, FP grao medio, Oficialía industrial | 130 | 372 | 34.713 | 77.815 | 2,3 | 2,0 | 3,6 | 3,3 |
| FP II, FP grao superior, Mestría industrial | 171 | 501 | 49.345 | 107.661 | 3,1 | 2,7 | 5,2 | 4,6 |
| Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica | 102 | 361 | 54.858 | 125.844 | 1,8 | 2,0 | 5,8 | 5,4 |
| Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior | 66 | 282 | 56.459 | 116.841 | 1,2 | 1,5 | 5,9 | 5,0 |
| Doutoramento | 5 | 14 | 4.485 | 7.850 | 0,1 | 0,1 | 0,5 | 0,3 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Tendo en conta esta distribución da poboación con respecto ao nivel de estudos (*ver gráfico 1*), onde a maioría das mulleres e homes do Concello atópanse nos tramos máis precarios da formación, é perentorio facer unha distribución das categorías segundo o sexo. Neste senso, pode apreciarse (*ver gráfico 2*) como son as mulleres camariñas as que reflicten os niveis de estudos máis baixos, pois a maioría de poboación analfabeta e con menos de cinco anos de escolarización está formada por elas (78% e 51,6% respectivamente).


A pesar desta clara situación de desigualdade en canto a base formativa no Concello, o número de camariñas supera ao dos homes por nivel de estudo no bacharelato superior, nas diplomaturas e, claramente, nos ciclos de doutoramento.

Gráfico 1



Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Gráfico 2



Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

En relación con este baixo nivel formativo do termo municipal (*ver táboa 2*), obsérvase como as taxas brutas de analfabetismo -de persoas maiores de 16 anos- son lixeiramente superiores ás rexistradas na Comarca de Terra de Soneira (7,2% fronte ao 5,7% no ano 2001), e sensiblemente elevadas con respecto aos valores provinciais e autonómicos -situados cinco puntos porcentuais por debaixo- (*ver táboa 2*). A pesar de que este indicador reflicta o baixo nivel de escolarización da poboación local, é preciso destacar que se foi reducindo dende o 9% do ano 1991 ata o 7,2% do 2001.


Atendendo á distribución por sexo, apréciase graficamente como o analfabetismo é maior nas mulleres que nos homes en todos os niveis territoriais (*ver gráfico 3*), sendo esta proporción máis acentuada no entorno comarcal e no propio eido de Camariñas. Aínda que, como se comentou, estas cifras foron evolucionando nos últimos anos nun senso positivo (*ver gráfico 4*), as mulleres camariñás seguen estando nunha clara situación de desigualdade en canto ao acceso -pasado e presente- á educación ou formación básica, cunha taxa bruta de analfabetismo de 10,9% (moi superior tanto a dos homes do concello como a das demais mulleres coruñesas e galegas).

Táboa 2

| Evolución da taxa de analfabetismo -maiores de 16 anos- | | | | | | |
|---|-------|-------|----------|-------|-------|----------|
| | 1991 | | | 2001 | | |
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| Camariñas | 9,0 | 4,2 | 13,8 | 7,2 | 3,2 | 10,9 |
| Terra de Soneira (Comarca) | 7,7 | 3,3 | 11,8 | 5,7 | 2,6 | 8,6 |
| A Coruña (Provincia) | 3,3 | 1,5 | 5,0 | 2,0 | 1,0 | 3,0 |
| Galicia | 3,3 | 1,6 | 4,9 | 2,1 | 1,0 | 3,0 |


Fonte: Censo de poboación e vivendas. 1991-2001. INE

Gráfico 3



Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Gráfico 4



Fonte: Censo de poboación e vivendas. 1991-2001. INE

Máis destacado, se cabe, é o comportamento totalmente asimétrico deste ítem segundo criterios de sexo e idade; sempre mostrando valores moi superiores aos masculinos, as mulleres camariñas de 65 ou máis anos supoñen o 58,1% da poboación analfabeta local⁷ - cifra que descende ata o 19,9% para as que teñen entre 16 e 64 anos-.

⁷ A moi elevada taxa de analfabetismo das mulleres de máis idade é una característica singular e negativa do Concello de Camariñas. Mostra desta situación recóllese claramente na “Guía de Mulleres significativas de Camariñas”, onde se di o seguinte: “Poucas das biografías que aparecen caracterízanse por ter una formación acadada na escola ou nos centros de formación regrada. A cualificación feminina acádase na propia experiencia vital ou na transmisión de coñecementos doutras mulleres. Esta realidade, xa cambiante, queda plasmada aínda hoxe na taxa bruta do analfabetismo do Concello.

Táboa 3

| Poboación analfabeta maior de 16 anos no Concello de Camariñas (2001) | | | | | | |
|---|--------|-------|--------|--------------------------|-------|--------|
| | Número | | | Porcentaxe sobre o total | | |
| | Total | Varón | Muller | Total | Varón | Muller |
| Total | 396 | 87 | 309 | 100,0 | 22,0 | 78,0 |
| 16-64 | 101 | 22 | 79 | 25,5 | 5,6 | 19,9 |
| 65 ou máis | 295 | 65 | 230 | 74,5 | 16,4 | 58,1 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Noutro chanzo, ao analizar o nivel de estudos da poboación estranxeira residente no municipio, obsérvase a existencia dun mellor nivel formativo con respecto aos autóctonos, xa que a proporción de analfabetos é moito menor e a maioría concéntranse nos tramos correspondentes ao primeiro e segundo grao de formación (*ver táboa 4*). Esta cuestión pode relacionarse co feito de que, nos procesos emigratorios, son os individuos máis preparados os que soen encabezar a migración.


Táboa 4

| Poboación estranxeira segundo nivel de estudos (2001) | | | | | | | | |
|---|-----------|-------------------------------|-------------------------|---------|------------|-------------------------------|-------------------------|---------|
| | Número | | | | Porcentaxe | | | |
| | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia |
| Total | 52 | 86 | 9.605 | 29.388 | 100 | 100 | 100 | 100 |
| Analfabetos | 1 | 1 | 130 | 690 | 1,9 | 1,2 | 1,4 | 2,3 |
| Sen estudos | 5 | 12 | 564 | 3.074 | 9,6 | 14 | 5,9 | 10,5 |
| 1º grao | 15 | 20 | 1.638 | 6.535 | 28,8 | 23,3 | 17,1 | 22,2 |
| 2º grao | 28 | 43 | 5.498 | 15.080 | 53,8 | 50,0 | 57,2 | 51,3 |
| 3º grao | 3 | 10 | 1.775 | 4.009 | 5,8 | 11,6 | 18,5 | 13,6 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Fixándose na distribución por sexo deste sector poboacional, a situación das mulleres estranxeiras contrasta coas das nacionais, pois neste caso son elas as mellor preparadas (*ver gráfico 5*); esta circunstancia reflíctese tamén nas taxas de analfabetismo, inexistentes no caso feminino (*ver táboa 5*). Por isto pode concluírse que a inmigración feminina, tanto a nivel local como comarcal, correspondese cun perfil de elevado nivel formativo en comparación coas mulleres oriúndas de Camariñas e os propios homes de nacionalidade estranxeira.

Gráfico 5



Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Táboa 5

| Taxa de analfabetismo da poboación estranxeira (2001) | | | |
|---|-------|-------|----------|
| | Total | Homes | Mulleres |
| Camariñas | 1,9 | 4,3 | 0,0 |
| Terra de Soneira (Comarca) | 1,2 | 2,6 | 0,0 |
| A Coruña (Provincia) | 1,4 | 1,3 | 1,4 |
| Galicia | 2,3 | 2,3 | 2,4 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Dentro da análise do nivel de estudos, por último, resulta interesante indagar sobre o número de parados rexistrados e distribuídos por niveis académicos; ditos datos -dispoñibles para o ano 2005- poden obterse soamente a nivel comarcal (*ver táboa 6*), pero confirman no ámbito da Comarca de Terra de Soneira unha clara correspondencia entre desemprego (57,9% de parados que teñen o certificado escolar) e niveis baixos de formación. Esta situación, con case que toda seguridade, agudízase -habida conta dos datos precedentes- no municipio de Camariñas; non obstante, e tendo en conta a súa mellor formación de partida, as residentes camariñás máis novas posúen un capital humano máis forte que o masculino para inverter esta circunstancia.

Táboa 6

| Parados rexistrados na Comarca de Terra de Soneira segundo nivel académico (Decembro de 2005) | | |
|---|--------|------------|
| | Número | Porcentaxe |
| Total | 1.288 | 100 |
| Ata Certificado de Escolaridade | 746 | 57,9 |
| Titulación Ensinanza Obrigatoria | 348 | 27,0 |
| Formación Profesional | 115 | 8,9 |
| B.U.P / Bacharel Superior / C.O.U | 36 | 2,8 |
| Titulados Universitarios | 43 | 3,3 |
| Outras Titulacións | 0 | 0 |

Fonte: Consellería de Traballo. Observatorio ocupacional. Terra de Soneira (Decembro de 2005)

2.2. Tipo de estudos segundo sexo

Unha vez analizado o nivel formativo, é preciso profundar no tipo de estudos que preferentemente elixe a poboación do Concello de Camariñas. Observando os datos, cabe resaltar que a poboación estudante camariñá concéntrase principalmente na rama técnica e industrial (36,7%), cifra elevada en comparación co mesmo tipo de estudos na Comarca, na provincia ou incluso no total do entorno galego (*ver táboa 7*). Séguenlle en orde de importancia os estudos de ciencias sociais (18,6%) e os dedicados a saúde e os servizos sociais (11,0%). Os estudos que aglutinan un menor número de estudantes en Camariñas son os correspondentes á arquitectura ou construción (0,8%), e, a modo de paradoxo, os relacionados co sector primario (agricultura, gandería, pesca e veterinaria).

Táboa 7

| Comparación tipo de estudos (2001) | | | | | | | | |
|--|-----------|----------------------------|----------------------|---------|------------|----------------------------|----------------------|---------|
| | Número | | | | Porcentaxe | | | |
| | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia |
| Total | 474 | 1.530 | 199.860 | 436.011 | 100 | 100 | 100 | 100 |
| Dereito | 9 | 36 | 9.834 | 20.707 | 1,9 | 2,4 | 4,9 | 4,7 |
| Maxisterio, Educación infantil | 42 | 156 | 19.075 | 48.582 | 8,9 | 10,2 | 9,5 | 11,1 |
| Ciencias Sociais | 88 | 313 | 44.176 | 96.412 | 18,6 | 20,5 | 22,1 | 22,1 |
| Artes e Humanidades | 13 | 63 | 14.501 | 30.210 | 2,7 | 4,1 | 7,3 | 6,9 |
| Informática | 13 | 55 | 6.223 | 14.253 | 2,7 | 3,6 | 3,1 | 3,3 |
| Enxeñerías | 17 | 60 | 8.293 | 19.310 | 3,6 | 3,9 | 4,1 | 4,4 |
| Formación Técnica e Industrias | 174 | 479 | 38.632 | 82.337 | 36,7 | 31,3 | 19,3 | 18,9 |
| Ciencias | 15 | 56 | 10.227 | 21.110 | 3,2 | 3,7 | 5,1 | 4,8 |
| Arquitectura ou Construción | 4 | 21 | 4.606 | 8.631 | 0,8 | 1,4 | 2,3 | 2,0 |
| Agricultura, Gandería, Pesca; Veterinaria | 3 | 35 | 2.729 | 6.562 | 0,6 | 2,3 | 1,4 | 1,5 |
| Saúde, Servizos Sociais | 52 | 131 | 25.146 | 56.170 | 11,0 | 8,6 | 12,6 | 12,9 |
| Outros servizos | 44 | 125 | 16.418 | 31.727 | 9,3 | 8,2 | 8,2 | 7,3 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE


Tendo en conta estas cuestións, é preciso facer unha diferenciación en función do sexo (*ver táboa 8 e gráfico 6*); desta maneira pódese observar como os estudos técnicos, industriais ou informáticos -os máis destacados na poboación de Camariñas- están compostos maioritariamente por homes, mentres que as ciencias sociais e a rama de saúde e servizos sociais son áreas formativas claramente feminizadas -cun 77,3% e 73,1% respectivamente-

Táboa 8

| Tipo de estudos segundo sexo da poboación do Concello de Camariñas (2001) | | | | |
|---|--------|----------|------------|----------|
| | Número | | Porcentaxe | |
| | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| Total | 474 | | 100 | |
| Total segundo sexo | 264 | 210 | 55,7 | 44,3 |
| Dereito | 6 | 3 | 66,7 | 33,3 |
| Maxisterio, Educación infantil | 13 | 29 | 31,0 | 69,0 |
| Ciencias Sociais | 20 | 68 | 22,7 | 77,3 |
| Artes e Humanidades | 7 | 6 | 53,8 | 46,2 |
| Informática | 11 | 2 | 84,6 | 15,4 |
| Enxeñerías | 14 | 3 | 82,4 | 17,6 |
| Formación Técnica e Industrias | 145 | 29 | 83,3 | 16,7 |
| Ciencias | 6 | 9 | 40,0 | 60,0 |
| Arquitectura ou Construción | 4 | 0 | 100,0 | 0,0 |
| Agricultura, Gandería, Pesca; Veterinaria | 2 | 1 | 66,7 | 33,3 |
| Saúde, Servizos Sociais | 14 | 38 | 26,9 | 73,1 |
| Outros servizos | 22 | 22 | 50,0 | 50,0 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE


Gráfico 6



Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Deténdose na evolución do alumnado segundo o tipo de ensinanza (ver gráfico 7), apréciase como dende o curso 2000/2001 ata o curso 2004/2005 o número de estudantes de educación infantil e primaria veuse reducido considerablemente (pasando de 129 alumnos a 102 no primeiro caso, e de 462 a 324 no segundo). Esta diminución progresiva de alumnado, especialmente significativa entre os máis novos e novas, é unha consecuencia directa da redución da natalidade no Concello de Camariñas sinalada no primeiro capítulo.

Gráfico 7



Fonte: Consellería de Educación e formación Universitaria

2.3. Análise da poboación en proceso de formación

Analizando a poboación que no ano 2001 estaba a cursar estudos no Concello (ver táboa 9), destaca unha elevada concentración en Camariñas (55,3%) de xente localizada na categoría censal “outro tipo de estudos” -realizados fóra dos cursos tradicionais de formación-. O alumnado restante do eido local está a estudar maioritariamente bacharelato (12,2%), algunha licenciatura (7,9%) ou diplomatura (5,8%) e ESO ou educación secundaria para adultos (7,3%). Salvo no último dato, os restantes valores porcentuais -especialmente os dos estudantes universitarios- son moi inferiores aos comarcais, provinciais e galegos, isto é, unha clara debilidade do capital humano de Camariñas. De xeito positivo, esta situación non se reproduce coa porcentaxe de persoas que están a realizar estudos de FP ou equivalente.

Táboa 9

| Comparativa tipo de estudos en curso (2001) | | | | | | | | |
|--|-----------|-------------------------------|-------------------------|---------|------------|-------------------------------|-------------------------|---------|
| | Número | | | | Porcentaxe | | | |
| | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia |
| Total | 695 | 1.561 | 94.601 | 223.983 | 100 | 100 | 100 | 100 |
| ESO, Educación secundaria para adultos | 51 | 150 | 6.515 | 16.806 | 7,3 | 9,6 | 6,9 | 7,5 |
| Bacharelato, BUP, COU | 85 | 266 | 20.087 | 47.646 | 12,2 | 17,0 | 21,2 | 21,3 |
| Formación Profesional de grao medio ou equivalente | 41 | 146 | 5.957 | 13.881 | 5,9 | 9,4 | 6,3 | 6,2 |
| Formación Profesional de grao superior ou equivalente | 39 | 122 | 8.275 | 18.351 | 5,6 | 7,8 | 8,7 | 8,2 |
| Diplomatura universitaria, Arquitectura, Enxeñería técnica ou equivalente | 40 | 146 | 12.745 | 30.841 | 5,8 | 9,4 | 13,5 | 13,8 |
| Licenciatura universitaria, Arquitectura, Enxeñería ou equivalente | 55 | 239 | 24.298 | 54.853 | 7,9 | 15,3 | 25,7 | 24,5 |
| Estudos de posgrao, máster, MIR ou análogo, doutoramento | 5 | 10 | 2.730 | 5.610 | 0,7 | 0,6 | 2,9 | 2,5 |
| Outros cursos | 384 | 493 | 19.778 | 46.797 | 55,3 | 31,6 | 20,9 | 20,9 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Ao deterse no tipo de estudos en curso segundo o sexo (*ver táboa 10*), apréciase que as mulleres son as que representan á maioría da poboación estudantil do Concello (66%). En efecto, as camariñás son maioría na educación secundaria obrigatoria, nas diplomaturas e nos estudos de posgrao. Non obstante, no relativo á ESO, a educación para adultos e as licenciaturas, mantense unha proporción estable entre xéneros; soamente no caso dos estudos de FP de grao medio e superior atópase unha porcentaxe superior de homes.

En definitiva, con algunhas matizacións, os datos amosan no eido educativo unha equiparación entre xéneros, onde as mulleres novas de Camariñas están cada vez máis formadas e xogan un papel preponderante na representación e reparto do capital humano municipal -cuestión totalmente impensable nun pasado non moi afastado, habida conta das taxas de analfabetismo feminino analizadas-.

Táboa 10

| Tipo de estudos en curso segundo sexo da poboación do Concello de Camariñas (2001) | | | | |
|--|--------|----------|------------|----------|
| | Número | | Porcentaxe | |
| | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| Total | 695 | | 100 | |
| Total segundo sexo | 236 | 459 | 34,0 | 66,0 |
| ESO, Educación secundaria para adultos | 26 | 25 | 51,0 | 49,0 |
| Bacharelato, BUP, COU | 33 | 52 | 38,8 | 61,2 |
| Formación Profesional de grao medio ou equivalente | 28 | 13 | 68,3 | 31,7 |
| Formación Profesional de grao superior ou equivalente | 21 | 18 | 53,8 | 46,2 |
| Diplomatura universitaria, Arquitectura, Enxeñería técnica ou equivalente | 16 | 24 | 40,0 | 60,0 |
| Licenciatura universitaria, Arquitectura, Enxeñería ou equivalente | 28 | 27 | 50,9 | 49,1 |
| Estudios de posgrao, máster, MIR ou análogo, doutoramento | 2 | 3 | 40,0 | 60,0 |
| Outros cursos | 84 | 300 | 21,9 | 78,1 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

2.4. Accións formativas impartidas polo Concello de Camariñas no marco do I PIOM

No Concello de Camariñas, e no marco do desenrolo do I Plan de Igualdade de Oportunidades entres mulleres e homes, leváronse a cabo unha serie de accións co obxectivo de fomentar a igualdade entre xéneros. Moitas delas tiveron unha clara finalidade formativa, levándose a cabo no período de vixencia de dito Plan, é dicir durante os anos 2004 a 2006. As áreas nas que se encadran estas iniciativas correspóndense coas principais directrices de actuación que configuraron este documento (visibilización, sensibilización e concienciación das mulleres, formación e emprego, cultura e deporte, etc.). Ditas iniciativas, traducidas en cursos, charlas, obradoiros e exposicións, acadaron niveis satisfactorios de participación e repercusión social, prevíndose a súa continuación -xunto con outras novas- no próximo Plan de Igualdade do Concello de Camariñas.

A continuación detállanse as actividades levadas a cabo no período de referencia (2004-2006), dividíndose estas entre “accións de natureza formativa” e “outras accións” enmarcadas na consecución da igualdade entre homes e mulleres no eido local.

3. ANÁLISE DA ESTRUTURA ECONÓMICA E DO MERCADO DE TRABALLO

3.1. Relación da poboación camariñá coa actividade económica

Ao por en relación a poboación camariñá coa actividade económica (*ver gráfico 1*), o primeiro dato que chama a atención é o elevado volume de inactivos/as (58,9%) -fundamentalmente mulleres- en relación coa poboación activa no Concello de Camariñas, non tanto en relación coa Comarca (53,6%), senón en comparación coas cifras provinciais (49%) e autonómicas (49,3%)

Desagregando por categorías este importante colectivo, pode apreciarse (*ver táboa 1*) como está formado, en orde de importancia, por xubilados/as, dedicados/as as tarefas do fogar, os/as estudantes e por último os/as pensionistas. Neste marco é preciso resaltar que inda que Camariñas posúe un considerable volume de poboación xubilada, este situase por debaixo dos niveis autonómicos, provinciais e comarcais.


Táboa 1

Comparativa relación da poboación coa actividade económica (2001)

| | Concello de Camariñas | | | Terra de Soneira (Comarca) | | | A Coruña (Provincia) | | | Galicia | | |
|---------------------------|-----------------------|-------|----------|----------------------------|-------|----------|----------------------|---------|----------|-----------|-----------|-----------|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| Total | 5.534 | 2.694 | 2.840 | 18.300 | 8.846 | 9.454 | 952.816 | 452.591 | 500.225 | 2.334.674 | 1.110.986 | 1.223.688 |
| (%) | 100 | 48,7 | 51,3 | 100 | 48,3 | 51,7 | 100 | 47,5 | 52,5 | 100 | 47,6 | 52,4 |
| Poboación activa | 2.274 | 1.458 | 816 | 8.488 | 5.215 | 3.273 | 485.754 | 282.388 | 203.366 | 1.183.150 | 689.617 | 493.533 |
| (%) | 41,1 | 26,3 | 14,7 | 46,4 | 28,5 | 17,9 | 51 | 29,6 | 21,3 | 50,7 | 29,5 | 21,1 |
| Ocupados | 37,2 | 24,0 | 13,2 | 41,2 | 26 | 15,2 | 44,6 | 26,7 | 17,9 | 44,3 | 26,6 | 17,7 |
| Parados | 3,9 | 2,3 | 1,6 | 5,1 | 2,5 | 2,7 | 6,4 | 2,9 | 3,5 | 6,3 | 2,9 | 3,4 |
| Poboación inactiva | 3.260 | 1.236 | 2.024 | 9.812 | 3.631 | 6.181 | 467.062 | 170.203 | 296.859 | 1.151.524 | 421.369 | 730.155 |
| (%) | 58,9 | 22,3 | 36,6 | 53,6 | 19,8 | 33,8 | 49,0 | 17,9 | 31,2 | 49,3 | 18 | 31,3 |
| Xubilados | 16,8 | 11,6 | 5,2 | 19,9 | 11,4 | 8,5 | 17,3 | 10,3 | 7,1 | 19,3 | 10,7 | 8,6 |
| Pensionistas | 10,2 | 2,9 | 7,2 | 8,3 | 2,3 | 6 | 7,1 | 1,8 | 5,3 | 6,7 | 1,8 | 4,9 |
| Estudantes | 12,4 | 4,2 | 8,2 | 8,4 | 3,3 | 5,1 | 9,4 | 4,3 | 5,1 | 9,1 | 4,1 | 5 |
| Tarefas do fogar | 13,6 | 0,3 | 13,2 | 12,6 | 0,5 | 12,1 | 12,4 | 0,2 | 12,1 | 11,7 | 0,2 | 11,5 |
| Outra situación | 6 | 3,3 | 2,7 | 4,4 | 2,3 | 2,1 | 2,7 | 1,3 | 1,5 | 2,5 | 1,2 | 1,3 |

Fonte: Censo de poboación e vivenda. 2001. INE

Gráfico 1



Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Fixándose na relación dos homes e mulleres de Camariñas coa actividade económica (*ver táboa 2*), obsérvase como a maioría da poboación activa camariñá está formada polos varóns (64,1%). Pola contra, a poboación inactiva está claramente feminizada no eido local, estruturándose en mulleres pensionistas (71%) e estudantes (66,4%).

O máis significativo (*ver gráfico 2*), neste senso, é a completa desproporción segundo sexo nas tarefas do fogar (97,5% de mulleres fronte a un 2,5% de homes). Asemade, o 69% dos xubilados son varóns, o que denota a tardía incorporación das mulleres camariñas ao mundo laboral e a estrutura produtiva local.


Táboa 2

| | Total | Homes | Mulleres |
|---------------------------|------------|-------------|-------------|
| Poboación activa | 100 | 64,1 | 35,9 |
| Ocupados | 100 | 64,6 | 35,4 |
| Parados | 100 | 59,8 | 40,2 |
| Poboación inactiva | 100 | 37,9 | 62,1 |
| Xubilados | 100 | 69,0 | 31,0 |
| Pensionistas | 100 | 29,0 | 71,0 |
| Estudantes | 100 | 33,6 | 66,4 |
| Tarefas do fogar | 100 | 2,5 | 97,5 |

| | | | |
|-----------------|-----|------|------|
| Outra situación | 100 | 54,8 | 45,2 |
|-----------------|-----|------|------|

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Gráfico 2



Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

En canto á ligazón da poboación estranxeira residente en Camariñas coa actividade económica, obsérvase como é moito máis equilibrada que a autóctona. De feito e dado que a poboación inmigrante camariñá ten un perfil lixeiramente feminizado, tal e como se comentou noutros epígrafes, a maioría de activos (tanto ocupados como parados) son mulleres; o mesmo ocorre cos inactivos, onde as estudantes son o colectivo de maior peso -seguido polo das traballadoras dedicadas ás tarefas do fogar- (ver táboa 3).

Táboa 3

| Poboación estranxeira por sexo e actividade económica do Concello de Camariñas (2001) | | | | | | |
|---|-----------|-----------|-----------|------------|-------------|-------------|
| | Número | | | Porcentaxe | | |
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| Total | 52 | 23 | 29 | 100 | 44,2 | 55,8 |
| Poboación activa | 27 | 11 | 16 | 100 | 40,7 | 59,3 |
| Ocupados | 24 | 11 | 13 | 100 | 45,8 | 54,2 |
| Parados | 3 | 0 | 3 | 100 | 0,0 | 100 |
| <i>Buscan primeiro emprego</i> | 1 | 0 | 1 | 100 | 0,0 | 100 |
| <i>Traballaron antes</i> | 2 | 0 | 2 | 100 | 0,0 | 100 |
| Poboación inactiva | 25 | 12 | 13 | 100 | 48,0 | 52,0 |
| Xubilados | 6 | 5 | 1 | 100 | 83,3 | 16,7 |
| Pensionistas | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Estudantes | 10 | 3 | 7 | 100 | 30,0 | 70,0 |
| Tarefas do fogar | 3 | 0 | 3 | 100 | 0 | 100 |
| Outra situación | 6 | 4 | 2 | 100 | 66,7 | 33,3 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

3.2. Taxas de actividade e de ocupación

Atendendo aos datos precedentes e á comparación dos principais indicadores de actividade⁸ (*ver táboa 4*), pódese observar que tanto a taxa de ocupación local como a de actividade é menor en relación cos demais niveis territoriais inseridos. Polo miúdo, a taxa de actividade do Concello de Camariñas representa ao 44,9% da poboación total e sitúase tres puntos porcentuais por debaixo da Comarca -e cinco en relación á provincia e ao total autonómico-. No relativo a taxa de ocupación, as diferenzas son máis amplas, pois namentres o total comarcal presenta valores similares aos rexistrados na provincia e en Galicia, este indicador en Camariñas tan só representa ao 36% da cidadanía.

Táboa 4

| Principais indicadores. Comparativa relación da poboación coa actividade económica | | | | |
|--|------------------|---------------------------------------|---------------------------------|----------------|
| | <i>Camariñas</i> | <i>Terra de Soneira (Comarca)</i> | <i>A Coruña (Provincia)</i> | <i>Galicia</i> |
| Taxa de actividade | 44,9 | 47,4 | 49,2 | 49,2 |
| Taxa de ocupación | 36,0 | 41,4 | 41,0 | 41,1 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Se afondamos na evolución destas taxas, pode apreciarse un descenso da taxa de actividade entre os dez anos considerados (*ver táboa 5*), pasando do 44,9% no ano 1991 ao 41,1% no 2001; sen embargo, e a pesar deste descenso, a potencialidade da actividade feminina incrementouse -chegando esta a representar ao 28,7% do total-. Asemade, a taxa de ocupación das mulleres camariñas tamén mellorou neste período, pasando do 16,2% ao 25,7%.

⁸ TAXA DE ACTIVIDADE: representa a porcentaxe do número total de activos sobre a poboación total do concello / TAXA DE OCUPACIÓN: amosa a porcentaxe de ocupados sobre a poboación total.

Táboa 5

| Principais indicadores. Relación da poboación coa actividade económica do Concello de Camariñas (%) | | | | | | |
|---|-------|-------|----------|-------|-------|----------|
| | 1991 | | | 2001 | | |
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| Taxa de actividade | 44,9 | 69,6 | 20,5 | 41,1 | 54,1 | 28,7 |
| Taxa de ocupación | 36,0 | 56,1 | 16,2 | 37,2 | 49,4 | 25,7 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 1991-2001. INE

3.3. Poboación segundo ocupación, sectores de actividade e situación profesional

Avanzando na análise, mencionar que a maioría da poboación ocupada do Concello de Camariñas distribúese do seguinte xeito: traballadores/as cualificados/as na agricultura e na pesca (25,1%), artesáns e traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureiras, operadores/as de instalacións e maquinaria (11,3%) e traballadores/as non cualificados/as (11,4%). Todos estes datos, en definitiva, determinan un retrato distintivo da ocupación local, especialmente ao comparalo co comarcal, provincial e autonómico (*ver táboa 6*).

Ao detalle, existe un predominio da ocupación industrial na zona (Camariñas e Comarca) maior que no nivel provincial e autonómico. En canto á poboación ocupada no sector primario (25,1%), a táboa inferior amosa que existe unha maior concentración da mesma en Camariñas en termos comparativos -o cal relaciónase directamente coa tradición mariñeira do termo municipal-. Neste contexto é importante sinalar que o porcentaxe de poboación ocupada sen cualificación é dun 11,4% -cifra superior, por certo, á ocupada no comercio e na restauración- (9,4%).

Táboa 6

Poboación segundo ocupación (2001)


| | Número | | | | Porcentaxe | | | |
|---|-----------|----------------------------|----------------------|-----------|------------|----------------------------|----------------------|---------|
| | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia |
| Total | 2.060 | 7.546 | 424.910 | 1.035.178 | 100 | 100 | 100 | 100 |
| Dirección das empresas e das administracións públicas | 187 | 582 | 38.231 | 93.305 | 9,1 | 7,7 | 9,0 | 9,0 |
| Técnicos/as e profesionais científicos/as e intelectuais | 55 | 254 | 48.265 | 106.573 | 2,7 | 3,4 | 11,4 | 10,3 |
| Técnicos/as e profesionais de apoio | 70 | 308 | 42.980 | 98.399 | 3,4 | 4,1 | 10,1 | 9,5 |
| Empregados/as de tipo administrativo | 63 | 255 | 32.882 | 77.369 | 3,1 | 3,4 | 7,7 | 7,5 |
| Traballadores/as de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores | 194 | 823 | 57.971 | 144.031 | 9,4 | 10,9 | 13,6 | 13,9 |
| Traballadores/as cualificados na agricultura e na pesca | 517 | 1.411 | 32.538 | 93.224 | 25,1 | 18,7 | 7,7 | 9,0 |
| Artesáns e traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureiras, da construción e da minería | 500 | 2.195 | 82.804 | 196.501 | 24,3 | 29,1 | 19,5 | 19,0 |
| Operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores | 233 | 836 | 44.024 | 114.163 | 11,3 | 11,1 | 10,4 | 11,0 |
| Traballadores/as non cualificados/as | 235 | 853 | 40.603 | 103.453 | 11,4 | 11,3 | 9,6 | 10,0 |
| Forzas armadas | 6 | 29 | 4.612 | 8.160 | 0,3 | 0,4 | 1,1 | 0,8 |

Fonte: Censo de poboación e vivenda. 2001. INE

Dentro destes grupos de referencia e atendendo a súa distribución por sexo, as ocupacións máis masculinizadas no Concello son as relacionadas coa construción, a agricultura e a pesca (*ver gráfico 3*); o mesmo ocorre cos traballadores sen cualificación e os postos directivos. Pola contra, as ocupacións de corte administrativo, e as relacionadas cos servizos e a restauración, son as que posúen unha maior porcentaxe de mulleres en Camariñas. Todo isto denota unha división sexual de corte tradicional das ocupacións (coa excepción, en proporción, das operadoras de instalacións e maquinaria -maioritariamente mulleres que traballan na industria conserveira-)⁹

⁹ Convén recordar que a industria conserveira conforma un dos máis importantes nichos de traballo feminino. Segundo datos do 2003, a conserveira Cerdeimar S.L. tiña 122 traballadoras -o 5,6% das mulleres do Concello en idade de traballar no ano indicado- (Fernández e Montero, 2003: 75).

Gráfico 3



Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Cambiando o enfoque analítico, ao deterse na análise da poboación ocupada por sectores de actividade, obsérvase como o sector pesqueiro ten moito maior peso no Concello de Camariñas (26,7%) que na Comarca, na provincia ou incluso no total galego (ver táboa 7). O mesmo ocorre co sector da construción (19,1%), algo menor en peso porcentual que o comarcal, pero moi superior en volume ao provincial e galego.

Táboa 7

| Comparativa poboación ocupada segundo sectores de actividade -%- (2001) | | | | |
|---|------------------|-------------------------|-----------------|----------------|
| | <i>Camariñas</i> | <i>Terra de Soneira</i> | <i>A Coruña</i> | <i>Galicia</i> |
| | <i>Total</i> | <i>Total</i> | <i>Total</i> | <i>Total</i> |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 |
| Agricultura, gandería, caza e silvicultura | 2,6 | 14,8 | 6,1 | 7,7 |
| Pesca | 26,7 | 7,8 | 3,5 | 3,4 |
| Industria | 17,5 | 19,3 | 18 | 18,7 |
| Construción | 19,1 | 22,3 | 12,5 | 12,3 |
| Servizos | 34,1 | 35,8 | 59,9 | 57,9 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE


En canto á evolución da poboación ocupada por sectores no Concello de Camariñas (*ver táboa 8*), apréciase un claro descenso dos ocupados no sector primario (agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca); moi similar é a situación da construción no eido local, que pasou de representar ao 23,9% de poboación ocupada a un 19,1% no ano 2001. Entre os eidos de actividade que evolucionaron “en positivo” está, fundamentalmente, a industria e, en menor medida, o sector servizos (*ver gráfico 4*).

Táboa 8

| Evolución da poboación ocupada do Concello de Camariñas segundo sexo e sector de actividade (%) | | | | | | |
|---|-------|-------|----------|-------|-------|----------|
| | 1991 | | | 2001 | | |
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |
| Pesca | 21,0 | 25,0 | 7,4 | 26,7 | 33,5 | 14,2 |
| Industria | 11,5 | 8,6 | 21,3 | 17,5 | 10,6 | 30,1 |
| Construción | 23,8 | 30,6 | 0,4 | 19,1 | 29,0 | 1,1 |
| Servizos | 33,0 | 25,1 | 60,0 | 34,1 | 24,9 | 51,0 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 1991-2001. INE


Gráfico 4



Fonte: Censo de poboación e vivendas. 1991-2001. INE

En canto á análise segundo o sexo, é na industria e no sector servizos onde se mantén un predominio de poboación feminina no Concello (ver gráfico 5). Pola contra, e en concordancia con anteriores cifras, a construción e a pesca son áreas de ocupación maioritariamente masculinizadas.

Gráfico 5



Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

No relativo ás diferentes situación profesionais, a porcentaxe de empresarios/as e traballadores/as por conta propia de Camariñas é moi superior á rexistrada no total galego e provincial. Resulta tamén significativo o número de ocupados/as adscritos/as a outras situación profesionais (1,4%) -especialmente no caso da axuda familiar- (ver táboa 9). En canto á poboación asalariada, a maior parte dos traballadores/as por conta allea en Camariñas fano de maneira eventual -o que é un síntoma indicativo de precariedade laboral-.

Táboa 9

| Poboación ocupada segundo situación profesional -2001- (%) | | | | |
|--|-----------|-------------------------------|----------------------|---------|
| | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 |
| Empresario/a, traballador/a por conta propia | 29,2 | 33,7 | 21,0 | 22,2 |
| Que emprega persoal | 6,8 | 6,7 | 6,7 | 6,9 |
| Que non emprega persoal | 22,4 | 27,0 | 14,3 | 15,3 |
| Asalariado/a, traballador/a por conta allea | 69,4 | 65,3 | 78,3 | 76,8 |
| Con carácter fixo | 21,3 | 23,1 | 49,8 | 48,7 |
| Con carácter eventual | 48,2 | 42,2 | 28,5 | 28,1 |
| Outras situacións | 1,4 | 1,1 | 0,7 | 1,0 |
| Axuda familiar | 1,2 | 0,4 | 0,3 | 0,7 |
| Membro de cooperativas | 0,1 | 0,7 | 0,3 | 0,3 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Atendendo ao sexo, a maioría do empresariado camariñés (teñan ou non teñan empregados) son homes -representando o 62,6% do total- (*ver táboa 10*)¹⁰; o mesmo ocorre cos asalariados, onde tanto os fixos como os eventuais adscribíense á poboación masculina. Nesta liña (*ver gráfico 6*), as mulleres só acadan unha porcentaxe superior na categoría de axuda familiar e como integrantes de cooperativas.


¹⁰ Este aspecto concordará coa análise posterior do IAE.

Táboa 10

| Poboación ocupada segundo sexo e situación profesional do Concello de Camariñas -2001- (%) | | |
|--|-------|----------|
| | Homes | Mulleres |
| Empresario, traballador por conta propia | 62,6 | 37,4 |
| Que emprega persoal | 82,9 | 17,1 |
| Que non emprega persoal | 56,5 | 43,5 |
| Asalariado, traballador por conta allea | 66,4 | 33,6 |
| Con carácter fixo | 68,0 | 32,0 |
| Con carácter eventual | 65,6 | 34,4 |
| Outras situacións | 14,3 | 85,7 |
| Axuda familiar | 12,0 | 88,0 |
| Membro de cooperativas | 33,3 | 66,7 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Gráfico 6



Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Por último neste apartado, e atendendo ás modalidades de contratos visados do pasado ano 2007, sinalar que en Camariñas apréciouse unha maior proporción dos de obra ou servizo (73,9%) e un número relativamente baixo ao falar de eventuais (11,5%). De igual xeito, a

modalidade de contratación indefinida só veuse representada polo 3,1% dos casos -frente ao 4% de Terra de Soneira e ao 5,4% da provincia- (ver táboa 11).

Táboa 11

| Comparación contratos iniciais segundo modalidade do contrato 2007 | | | | | | | | |
|--|-----------|----------------------------|----------------------|---------|------------|----------------------------|----------------------|---------|
| | Número | | | | Porcentaxe | | | |
| | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia |
| Total de contratos iniciais | 541 | 1.261 | 171.195 | 387.509 | 100 | 100 | 100 | 100 |
| Indefinido ordinario e fomento do emprego | 17 | 51 | 9.291 | 21.434 | 3,1 | 4,0 | 5,4 | 5,5 |
| De obra ou servizo | 400 | 830 | 53.790 | 118.464 | 73,9 | 65,8 | 31,4 | 30,6 |
| Eventual por circunstancias da produción | 62 | 195 | 74.683 | 168.450 | 11,5 | 15,5 | 43,6 | 43,5 |
| Interinidade | 35 | 66 | 27.377 | 63.629 | 6,5 | 5,2 | 16,0 | 16,4 |
| En prácticas | 3 | 19 | 1.986 | 3.627 | 0,6 | 1,5 | 1,2 | 0,9 |
| Para a formación | 16 | 80 | 1.804 | 4.862 | 3,0 | 6,3 | 1,1 | 1,3 |
| Outros | 8 | 20 | 2.264 | 7.043 | 1,5 | 1,6 | 1,3 | 1,8 |

Fonte: Consellería de traballo. 2007

Deténdonos na evolución da contratación no período 2002-2007, conséntase para os camariñáns e camariñas unha redución dos contratos indefinidos (ver táboa 12) e un aumento xeneralizado da eventualidade.

Táboa 12

| Evolución contratos iniciais segundo sexo e modalidade do contrato do Concello de Camariñas | | | | | | | | | | | | |
|---|-------|------|------|------|------|------|----------|------|------|------|------|------|
| | Homes | | | | | | Mulleres | | | | | |
| | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 |
| Total de contratos iniciais | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |
| Indefinido ordinario e fomento do emprego | 2,5 | 2,8 | 2,4 | 1,7 | 2,1 | 4,7 | 1,6 | 1,9 | 3,2 | 4,4 | 4,1 | 3,1 |
| De obra ou servizo | 80,3 | 68,0 | 69,9 | 74,8 | 74,9 | 72,8 | 81,5 | 54,2 | 75,1 | 78,8 | 76,8 | 73,9 |
| Eventual por circunstancias da produción | 2,8 | 3,0 | 8,8 | 8,9 | 9,2 | 7,5 | 7,6 | 8,3 | 9,0 | 10,5 | 7,8 | 11,5 |
| Interinidade | 0 | 0,6 | 1,2 | 1,3 | 0,5 | 0,6 | 2,2 | 4,8 | 2,9 | 3,9 | 4,3 | 6,5 |
| En prácticas | 1,0 | 1,5 | 1,0 | 0,4 | 0,3 | 0,2 | 0,6 | 0,3 | 0,5 | 0,2 | 0,5 | 0,6 |
| Para a formación | 4,6 | 6,9 | 5,6 | 4,0 | 6,2 | 5,7 | 2,2 | 4,8 | 3,4 | 2,0 | 6,1 | 3,0 |
| Outros | 8,9 | 17,1 | 11,2 | 8,9 | 6,7 | 8,5 | 4,1 | 25,6 | 5,9 | 0,2 | 0,5 | 1,5 |

Fonte: Consellería de traballo. 2002-2007

3.3. A poboación desempregada de Camariñas: estacionalidade do paro e análise da colocación por sexo.

Comparando a evolución das taxas de paro censuais (referidas á porcentaxe de parados sobre o total da poboación activa), apréciase unha clara redución no caso do Concello de Camariñas - do 19,7% do ano 1991 ao 9,4% do ano 2001- (*ver táboa 13*).

Táboa 13

| Evolución taxas de paro (comparativa) | | |
|--|--------------|--------------|
| | 1.991 | 2.001 |
| Camariñas | 19,7 | 9,4 |
| Terra Soneira (Comarca) | 12,5 | 11,1 |
| A Coruña (Provincia) | 16,6 | 12,5 |
| Galicia | 16,4 | 12,5 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Centrándonos na mesma evolución segundo o sexo, tanto os homes como as mulleres do municipio reduciron considerablemente as súas taxas de paro -pasando, no caso concreto das mulleres, do 20,9% ao 10,5% no último ano de referencia- (*ver táboa 14*).

Táboa 14

| Evolución taxas de paro segundo sexo do Concello de Camariñas | | |
|--|--------------|--------------|
| | 1.991 | 2.001 |
| Homes | 19,4 | 8,8 |
| Mulleres | 20,9 | 10,5 |

Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE


Ao fixar a atención na composición censual da poboación parada, obsérvase como, en termos xerais, a maioría deste colectivo traballou con anterioridade (*ver táboa 15*); precisar (*ver gráfico 7*), non obstante, que son as mulleres as que en maior medida buscan o seu primeiro emprego (55,8%).

Táboa 15

| Composición da poboación parada segundo sexo do Concello de Camariñas | | | | | | |
|---|------------|------------|-----------|------------|-------------|-------------|
| | Número | | | Porcentaxe | | |
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| Parados/as | 214 | 128 | 86 | 100 | 59,8 | 40,2 |
| Buscan primeiro emprego | 43 | 19 | 24 | 100 | 44,2 | 55,8 |
| Traballaron antes | 171 | 109 | 62 | 100 | 63,7 | 36,3 |

Fonte: Censo de poboación e vivenda. 2001. INE

Gráfico 7



Fonte: Censo de poboación e vivendas. 2001. INE

Atendendo aos últimos datos dispoñibles de Consellería de Traballo, o Concello de Camariñas está a experimentar un crecemento do seu número de parados/as durante o período 2005-2008.

Táboa 16

| Evolución do paro no Concello de Camariñas | | | | |
|--|------|------|------|------------|
| | 2005 | 2006 | 2007 | 2008/Xullo |
| Total | 396 | 402 | 454 | 472 |

Fonte: Consellería de traballo. Informe do paro rexistrado

Asemade, a maioría dos/as parados/as en tódolos niveis territoriais, e especialmente en Camariñas, son maiores de 25 anos (*ver táboa 17*).

Táboa 17

| Comparativa paro rexistrado (Xullo de 2008) | | | | | | | | |
|---|-----------|----------------------------|----------------------|---------|------------|----------------------------|----------------------|---------|
| | Número | | | | Porcentaxe | | | |
| | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia | Camariñas | Terra de Soneira (Comarca) | A Coruña (Provincia) | Galicia |
| Total | 472 | 1.243 | 61.205 | 149.318 | 100 | 100 | 100 | 100 |
| Menores de 25 anos | 43 | 106 | 5.161 | 13.737 | 9,1 | 8,5 | 8,4 | 9,2 |
| 25 e máis anos | 429 | 1.137 | 56.044 | 135.581 | 90,9 | 91,5 | 91,6 | 90,8 |

Fonte: Consellería de traballo. Informe do paro rexistrado (Xullo de 2008).

En canto á distribución por sexo en Camariñas (*ver táboa 18*), as porcentaxes actuais de paro son moi desiguais; de feito, a porcentaxe de paradas rolda o 60% do total (o 63,3% no ano 2008) e supera amplamente a dos homes no intervalo 2005-2008.

Táboa 18

| Evolución do paro rexistrado segundo o sexo | | | | | | |
|---|------------|-------|----------|------------|-------|----------|
| | Frecuencia | | | Porcentaxe | | |
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| 2005 | 396 | 160 | 236 | 100 | 40,4 | 59,6 |
| 2006 | 402 | 147 | 255 | 100 | 36,6 | 63,4 |
| 2007 | 454 | 162 | 292 | 100 | 35,7 | 64,3 |
| 2008/Xullo | 472 | 173 | 299 | 100 | 36,7 | 63,3 |

Fonte: Consellería de traballo. Informe do paro rexistrado

De seguido, a análise da colocación por sexo farase unicamente a nivel comarcal -os únicos datos públicos dispoñibles-. Dentro desta vontade, o primeiro factor a ter en conta é o da demanda potencial de emprego. Atendendo ás dez ocupacións máis solicitadas (*ver táboa 19*), pode observarse que son as profesións relacionadas coa limpeza, e as vinculadas á construción (peón e albanel) as que encabezan o listado de preferencias.

Táboa 19

| As dez ocupacións máis demandadas polo total de demandantes de emprego na Comarca de Terra de Soneira (Decembro de 2005) | | |
|---|---------------|-------------------|
| | <i>Número</i> | <i>Porcentaxe</i> |
| Muller/mozo limpeza, limpador en xeral | 148 | 9,9 |
| Peón da construción de edificios | 101 | 6,7 |
| Albanel | 90 | 6,0 |
| Dependente/a de comercio, en xeral | 75 | 5,0 |
| Asistente/a domiciliario/a (auxiliar axuda domicilio) | 49 | 3,2 |
| Operador/a de máquina industrial | 39 | 2,6 |
| Encofrador/a | 36 | 2,4 |
| Empregado/a administrativo/a, en xeral | 33 | 2,2 |
| Modista/o | 33 | 2,2 |
| Peón da industria manufactureira, en xeral | 31 | 2,0 |

Fonte: Consellería de Traballo. Observatorio ocupacional. Terra de Soneira (Decembro de 2005)

Facendo unha distribución por sexo conséntase que os homes demandantes de emprego solicitan preferentemente ocupacións relacionadas coa construción e a industria; a única profesión relacionada co sector primario (mariñeiro de pesca) sitúase nun considerable carto posto de referencia (*ver táboa 20*). En canto ás mulleres, móstrase en Terra de Soneira unha clara tendencia ao autoubicarse no sector servizos.

Neste contexto conséntase, pois, unha clara división sexual do traballo na Comarca, cun sector terciario claramente feminizado -onde as mulleres demandan principalmente tarefas de limpeza e ocupacións vinculadas ao comercio- (*ver táboa 21*).

Táboa 20

As dez ocupacións máis demandadas polos homes demandantes de emprego na Comarca de Terra de Soneira (Decembro de 2005)

| | <i>Número</i> | <i>Porcentaxe homes</i> | <i>Porcentaxe total homes</i> |
|--|---------------|-------------------------|-------------------------------|
| Peón da construción de edificios | 99 | 98,0 | 14,7 |
| Albanel | 89 | 98,8 | 13,2 |
| Encofrador | 36 | 100 | 5,3 |
| Mariñeiro de pesca | 21 | 91,3 | 3,1 |
| Condutor de camión, en xeral | 19 | 100 | 2,8 |
| Peón da ind. manufactureira, en xeral | 18 | 58,0 | 2,6 |
| Camareiro, en xeral | 15 | 62,5 | 2,2 |
| Traballador forestal, en xeral | 15 | 75,0 | 2,2 |
| Carpinteiro, en xeral | 14 | 87,5 | 2,0 |
| Mozo limpeza, limpador en xeral | 11 | 7,4 | 1,6 |

Fonte: Consellería de Traballo. Observatorio ocupacional. Terra de Soneira (Decembro de 2005)

Táboa 21

As dez ocupacións máis demandadas polas mulleres demandantes de emprego na Comarca de Terra de Soneira (Decembro de 2005)

| | <i>Número</i> | <i>Porcentaxe mulleres</i> | <i>Porcentaxe total mulleres</i> |
|--|---------------|----------------------------|----------------------------------|
| Muller limpeza, limpadora en xeral | 137 | 92,5 | 16,6 |
| Dependenta de comercio, en xeral | 71 | 94,6 | 8,6 |
| Asistente domiciliaria (auxiliar axuda domicilio) | 49 | 100 | 5,9 |
| Operadora de máquina ind. | 39 | 100 | 4,7 |
| Modista | 32 | 96,9 | 3,8 |
| Empregada administrativa, en xeral | 30 | 90,9 | 3,6 |
| Operadora de máquina ind. de coser e bordar, en xeral | 24 | 100 | 2,9 |
| Pinche de cociña | 23 | 74,1 | 2,7 |
| Cociñeira, en xeral | 20 | 80,0 | 2,4 |
| Empregada de fogar | 20 | 95,2 | 2,4 |

Fonte: Consellería de Traballo. Observatorio ocupacional. Terra de Soneira (Decembro de 2005)

Unha vez analizada a demanda de emprego é preciso por a mesma en relación coas cifras de contratación, coñecendo así se existe unha correspondencia entre ámbolos dous factores en Terra de Soneira. Vendo o listado das dez ocupacións máis contratadas na Comarca (*ver táboa 22*), vemos como a oferta xira fundamentalmente en torno á industria e, en segundo orde de importancia, arredor da construción. No listado resalta o 3,3% de contratos realizados a pescadores de altura e o 3,3% de dependentes/as e exhibidores/as en tendas.

Táboa 22

| As dez ocupacións máis contratadas na Comarca de Terra de Soneira | | |
|--|---------------|-------------------|
| (Decembro de 2005) | | |
| | Número | Porcentaxe |
| Xastres, modistos/as e sombreireiros/as | 291 | 10,0 |
| Albaneis e canteiros/as | 257 | 8,9 |
| Peóns de industrias manufactureiras | 176 | 6,0 |
| Operadores/as de máquinas de coser e bordar | 126 | 4,3 |
| Traballadores/as en formigón armado, enfusadores/as | 104 | 3,6 |
| Compositores, músicos/as e cantantes | 103 | 3,5 |
| Pescador/a por conta allea de altura | 98 | 3,3 |
| Dependentes/as e exhibidores/as en tendas, almacéns | 96 | 3,3 |
| Carpinteiros/as (agás carpinteiros/as de estruturas metálicas) | 90 | 3,1 |
| Asistentes/as domiciliarios/as | 85 | 2,9 |

Fonte: Consellería de Traballo. Observatorio ocupacional. Terra de Soneira (Decembro de 2005)

Atendendo ao sexo, os homes do entorno comarcal atopan unha boa adecuación entre as súas demandas e as ofertas laborais levadas a cabo, pois as ocupacións vinculadas á industria e á construción son as máis contratadas (*ver táboa 23*). En canto ás mulleres, a contratación oríentase, novamente, cara o campo dos servizos (*ver táboa 24*), pero tamén cara as ocupacións industriais -algunhas das cales (peóns de industrias manufactureiras, operadoras de máquinas para tinguir, etc.) non figuraban entre as máis demandadas-.

Táboa 23

| As dez ocupacións máis contratadas a homes na Comarca de Terra de Soneira (Decembro de 2005) | | | |
|---|--------|------------------|------------------------|
| | Número | Porcentaxe homes | Porcentaxe total homes |
| Albaneis e canteiros | 256 | 99,6 | 16,0 |
| Traballadores en formigón armado, enfusadores, | 104 | 100 | 6,5 |
| Compositores, músicos e cantantes | 99 | 96,1 | 6,2 |
| Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas) | 88 | 97,7 | 5,5 |
| Parqueteiros, soldadores e asimilados | 81 | 98,7 | 5,0 |
| Pescador por conta allea de altura | 81 | 82,6 | 5,0 |
| Peóns da construción de edificios | 77 | 98,7 | 4,8 |
| Condutores de camións | 66 | 98,5 | 4,1 |
| Peóns de industrias manufactureiras | 56 | 31,8 | 3,5 |
| Pescador por conta allea de auga doce e de augas costeira | 47 | 92,1 | 2,9 |

Fonte: Consellería de Traballo. Observatorio ocupacional. Terra de Soneira (Decembro de 2005)

Táboa 24

| As dez ocupacións máis contratadas a mulleres na Comarca de Terra de Soneira (Decembro de 2005) | | | |
|--|--------|---------------------|---------------------------|
| | Número | Porcentaxe mulleres | Porcentaxe total mulleres |
| Xastres, modistas e sombreireiras | 282 | 96,9 | 21,8 |
| Operadoras de máquinas de coser e bordar | 125 | 99,2 | 9,6 |
| Peóns de industrias manufactureiras | 120 | 68,1 | 9,2 |
| Dependentas e exhibidoras en tendas, almacéns, quioscos | 87 | 90,6 | 6,7 |
| Asistentas domiciliarias | 83 | 97,6 | 6,4 |
| Camareiras, barmans e asimiladas | 56 | 74,6 | 4,3 |
| Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) | 49 | 84,4 | 3,7 |
| Taquígrafas e mecanógrafas | 39 | 90,7 | 3,0 |
| Operadoras de máquinas para branquear, tinguir e limpar | 34 | 100 | 2,6 |
| Peóns do transporte e descargadoras | 18 | 45,0 | 1,3 |

Fonte: Consellería de Traballo. Observatorio ocupacional. Terra de Soneira (Decembro de 2005)

3.5. Actividades económicas no Concello de Camariñas.

Atendendo aos datos inferiores (*ver táboa 25*), o volume de titulares do Imposto de Actividades Empresariais -IAE- creceu considerablemente (465 no 2003, 686 no 2007). Asemade constátase que o pulo económico do Concello esta guiado, cada vez en maior proporción, polos varóns (o 59,1% de titulares do IAE no 2003, o 66,8% no 2007). Non obstante, as mulleres camariñas dirixen, respecto ao total, unha porcentaxe importante -pero en diminución- de empresas, unidades locais ou similares (33,2% no ano 2007).

Táboa 25


| IAE do Concello de Camariñas (2003-2007) | | | | | | |
|--|--------------|--------------|-----------------|--------------|--------------|-----------------|
| | <i>Total</i> | <i>Homes</i> | <i>Mulleres</i> | <i>Total</i> | <i>Homes</i> | <i>Mulleres</i> |
| 2003 | 465 | 275 | 190 | 100 | 59,1 | 40,9 |
| 2007 | 686 | 458 | 228 | 100 | 66,8 | 33,2 |

Fonte: Concello de Camariñas e Fernández e Montero (2003: 73)

Por último, só cabe precisar a distribución en diferentes categorías creadas (*ver táboa 26 e gráfico 8*) do IAE de titularidade feminina. Claramente, o maior número de casos concéntrase na actividade comercial e de hostalería; en terceiro lugar, atópase a industria téxtil seguido doutros ítems -como o adscrito aos salóns de beleza ou perruquerías-. En conclusión, a presenza das mulleres noutros importantes nichos de actividade -como o da agricultura, pesca, construción,etc.- é inexistente¹¹.

¹¹ O censo do IAE de titularidade feminina, e a súa distribución segundo categorías, non experimentou moitos cambios substanciais dende o ano 2003 -observando a análise feita ao respecto de Fernández e Montero (2003: 73)-.

Gráfico 8



Táboa 26

IAE do Concello de Camariñas de titularidade feminina ou mixta (2007)

| <i>Categoría</i> | <i>Número</i> | <i>Porcentaxe</i> |
|---|---------------|-------------------|
| Total | 228 | 100 |
| Comercios | 98 | 43,0 |
| Hostalería, bares e restaurantes | 53 | 23,2 |
| Industria téxtil (Confección, encaixe e tintorerías) | 16 | 7,0 |
| Outros | 27 | 11,8 |
| Perruquerías e salóns de beleza | 15 | 6,6 |
| Servizos agrícolas e pesqueiros | 5 | 4,4 |
| Servizos financeiros e xurídicos | 9 | 3,9 |

4. VIOLENCIA DE XÉNERO E BENESTAR SOCIAL

4.1. Indicadores e evolución da violencia de xénero

O uso da expresión “violencia de xénero” é tan recente como o propio recoñecemento da realidade do maltrato ás mulleres (Maqueda, 2006). Esta, segundo se reflectiu na Conferencia Mundial sobre a muller de Pequín -celebrada no ano 1995-, pódese definir como *“todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino, que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na privada”*.

Tendo presente esta reflexión e observando os datos referentes ás vítimas de malos tratos en Galicia e na provincia coruñesa, apréciase como a violencia segue a exercerse maioritariamente sobre as mulleres (4.080 vítimas en Galicia e 1.667 na provincia da Coruña no ano 2006); o moi considerable aumento do seu número detectado dende o ano 2000 (*ver táboa 1 e táboa 2*) non ten por que estar directamente relacionada cun aumento deste tipo de violencia en Galicia -que sempre existiu en grandes proporcións-, senón máis ben cun incremento do número de denuncias a raíz dunha progresiva concienciación e sensibilización social.

Asemade, e atendendo aos causantes do maltrato, resulta moi significativo o feito de que os casos de violencia exercida polos cónxuxes víronse incrementados no último ano de referencia -2006-, polo que estamos a falar dun incremento desta aguda problemática dentro do ámbito familiar e doméstico.

Táboa 1

| Evolución de vítimas de malos tratos no ámbito familiar segundo xénero e persoa causante do maltrato. Galicia | | | | | | | | | | | | |
|---|--------|---------|--------|----------|---------|--------|------------|---------|--------|----------|---------|--------|
| | Número | | | | | | Porcentaxe | | | | | |
| | Homes | | | Mulleres | | | Homes | | | Mulleres | | |
| | Total | Cónxuxe | Outros | Total | Cónxuxe | Outros | Total | Cónxuxe | Outros | Total | Cónxuxe | Outros |
| 2000 | 627 | 150 | 477 | 1.778 | 1.189 | 589 | 100 | 23,9 | 76,1 | 100 | 66,9 | 33,1 |
| 2001 | 584 | 168 | 416 | 1.650 | 1.147 | 503 | 100 | 28,8 | 71,2 | 100 | 69,5 | 30,5 |
| 2002 | 1.232 | 448 | 784 | 2.926 | 1.985 | 941 | 100 | 36,4 | 63,6 | 100 | 67,8 | 32,2 |
| 2003 | 1.227 | 468 | 759 | 3.232 | 2.294 | 938 | 100 | 38,1 | 61,9 | 100 | 71,0 | 29,0 |
| 2004 | 1.312 | 470 | 842 | 3.564 | 2.464 | 1.100 | 100 | 35,8 | 64,2 | 100 | 69,1 | 30,9 |
| 2005 | 1.481 | 544 | 937 | 4.027 | 2.737 | 1.290 | 100 | 36,7 | 63,3 | 100 | 68,0 | 32,0 |
| 2006 | 1.410 | 554 | 856 | 4.080 | 2.911 | 1.169 | 100 | 39,3 | 60,7 | 100 | 71,3 | 28,7 |

Fonte: Ministerio do Interior. Anuario Estatístico

Táboa 2

| Evolución de vítimas de malos tratos no ámbito familiar segundo xénero e persoa causante do maltrato. A Coruña (Provincia) | | | | | | | | | | | | |
|--|--------|---------|--------|----------|---------|--------|------------|---------|--------|----------|---------|--------|
| | Número | | | | | | Porcentaxe | | | | | |
| | Homes | | | Mulleres | | | Homes | | | Mulleres | | |
| | Total | Cónxuxe | Outros | Total | Cónxuxe | Outros | Total | Cónxuxe | Outros | Total | Cónxuxe | Outros |
| 2000 | 240 | 64 | 176 | 720 | 513 | 207 | 100 | 26,7 | 73,3 | 100 | 71,3 | 28,8 |
| 2001 | 202 | 68 | 134 | 618 | 430 | 188 | 100 | 33,7 | 66,3 | 100 | 69,6 | 30,4 |
| 2002 | 496 | 192 | 304 | 1.166 | 808 | 358 | 100 | 38,7 | 61,3 | 100 | 69,3 | 30,7 |
| 2003 | 500 | 181 | 319 | 1.295 | 921 | 374 | 100 | 36,2 | 63,8 | 100 | 71,1 | 28,9 |
| 2004 | 583 | 195 | 388 | 1.478 | 1.018 | 460 | 100 | 33,4 | 66,6 | 100 | 68,9 | 31,1 |
| 2005 | 637 | 220 | 417 | 1.749 | 1.187 | 562 | 100 | 34,5 | 65,5 | 100 | 67,9 | 32,1 |
| 2006 | 580 | 222 | 358 | 1.667 | 1.192 | 475 | 100 | 38,3 | 61,7 | 100 | 71,5 | 28,5 |

Fonte: Ministerio do Interior. Anuario Estatístico

No ámbito camariñá, pese a que o volume de casos de violencia de xénero do que son coñecedores os Servizos Sociais do Concello viuse estabilizado no período 2006-2008 -a diferenza do ámbito galego e provincial- (*ver táboa 3*), hai que ter moi presente que en Camariñas o grao de visibilización destes delitos é baixo¹². Polo tanto, a cantidade de vítimas nadas desta lacra social no termo municipal pode resultar moito maior da rexistrada oficialmente.

Táboa 3

| Casos de violencia de xénero en Camariñas | | |
|---|------|----------------|
| 2006 | 2007 | 2008 (Outubro) |
| 3 | 5 | 5 |

Fonte: Concello de Camariñas


A este respecto, a consolidación do programa “Hai outro lado” -e as liñas de actuación que o estruturan postas en marcha en datas pasadas-, debería consolidarse no II PIOM do Concello de Camariñas como un pilar básico da loita contra a violencia de xénero no eido municipal.

¹² Segundo o traballo de Fernández e Montero (2003: 101) , partindo dos resultados dun traballo de campo cualitativo moito máis exhaustivo e completo que o das enquisas oficiais, no Concello de Camariñas existen “moitos casos de violencia contra as mulleres que non se denuncian e permanecen soterrados dentro do fogar”.

4.2. Colectivos en risco de exclusión social: persoas perceptoras do RISGA e outras prestacións por sexo

O segundo obxectivo deste epígrafe é o de facer unha análise do benestar social no Concello de Camariñas. En primeiro lugar (*ver táboa 4*), polo tanto, cabe facer uso dos indicadores dispoñibles sobre a renda municipal; obsérvase deste xeito que Camariñas, pese a incrementar a súa renda dispoñible bruta no período 2000-2002¹³ e que esta resulte superior á comarcal - unha conxuntura positiva-, mantén un diferencial medido en euros moi importante respecto da provincia (793 €) e Galicia (-618 €).

Gráfico 1



Fonte: IGE

Táboa 4

| Renda dispoñible bruta (€) | | | | |
|---|------------------|-----------------------------------|-----------------------------|----------------|
| | <i>Camariñas</i> | <i>Terra de Soneira (Comarca)</i> | <i>A Coruña (Provincia)</i> | <i>Galicia</i> |
| 2000 | 7223 | 7155 | 8498 | 8317 |
| 2001 | 8052 | 7754 | 8908 | 8741 |
| 2002 | 8499 | 8199 | 9292 | 9117 |
| <i>Diferencial de renda camariñá</i> | | +300 | -793 | -618 |

Fonte: IGE

Dende outro punto de vista (*ver táboa 5*), o indicador municipal da renda dos fogares¹⁴ aumentou no intervalo de referencia en seis puntos -colocando a Camariñas no 99º posto dos

¹³ Esta macromagnitude, segundo o IGE, mide os ingresos de que dispoñen os fogares ao longo dun ano para destinar a consumo ou aforro e reflicte a capacidade adquisitiva dos fogares como resultado dos procesos de produción, asignación e distribución da renda.

¹⁴ O indicador municipal da renda dos fogares é unha expresión sintética da renda bruta dispoñible.

municipios galegos-. En definitiva, os datos apuntan a unha mellora do benestar en termos económicos do Concello de Camariñas.

Táboa 5

| Concello de Camariñas | | |
|------------------------------|---|----------------------------|
| | Indicador municipal da renda dos fogares (Base 2000) | Número de orden |
| 2000 | 87 | 162 |
| 2001 | 92 | 122 |
| 2002 | 93 | 99 |

Fonte: IGE

Á marxe deste indicadores excesivamente “macro”, para visibilizar á cidadanía de maior vulnerabilidade socioeconómica en clave de xénero é preciso deterse na demanda de determinadas axudas e prestacións sociais como a Renda de Integración Social -RISGA-¹⁵, o servizo de axuda a domicilio e as pensións non contributivas en Camariñas.

No referente ao RISGA, o seu número (*ver táboa 6*), tras unha diminución de concesións nos anos 2004 ou 2005, sube ata os 5 e 6 casos do ano 2006 e 2007 respectivamente. No tocante ao seu reparto por sexo (*ver táboa 7*), conséntase que son as mulleres -sobre o total de perceptores/as- as mais novas -43 anos de media fronte aos 44 dos varóns- e as que máis solicitudes aprobadas concentran nos últimos tres anos.

Táboa 6

| | RISGA (Concedidas) | | | | | |
|----------------------------|---------------------------|---------------|-------------|-------------------|---------------|-------------|
| | Número | | | Porcentaxe | | |
| | <i>Total</i> | <i>Muller</i> | <i>Home</i> | <i>Total</i> | <i>Muller</i> | <i>Home</i> |
| 2003 | 7 | 7 | 0 | 100 | 100 | 0 |
| 2004 | 2 | 1 | 1 | 100 | 50,0 | 50,0 |
| 2005 | 2 | 1 | 1 | 100 | 50,0 | 50,0 |
| 2006 | 5 | 3 | 2 | 100 | 30,0 | 20,0 |
| 2007 | 6 | 4 | 2 | 100 | 66,7 | 33,3 |
| 2008 (Setembro) | 1 | 1 | 0 | 100 | 100 | 0 |

Fonte: Concello de Camariñas

¹⁵ A Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) é unha prestación social de carácter periódico destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, mediante un proxecto personalizado de inserción constituído por un conxunto de accións tendentes á mellora da integración persoal, familiar, social e, se é o caso, laboral da persoa beneficiaria.

Táboa 7

| Idade media dos perceptores/as de RISGA | |
|--|-------------------------|
| <i>Muller (2003-2008)</i> | <i>Home (2003-2008)</i> |
| 43,6 | 44,3 |

Fonte: Concello de Camariñas

No tocante ao servizo de axuda no domicilio en Camariñas (*ver táboa 8 e 9*), o número de prestacións vense mantendo arredor das 10 anuais; de xeito claro, as mulleres son as súas principais destinatarias -e o colectivo que as percibe a unha idade media (80 anos) moito máis avanzada que a dos homes (64 anos)-.

Táboa 8

| Servizo de axuda a domicilio (Concedidas) | | | | | | |
|--|---------------|---------------|-------------|-------------------|---------------|-------------|
| | Número | | | Porcentaxe | | |
| | <i>Total</i> | <i>Muller</i> | <i>Home</i> | <i>Total</i> | <i>Muller</i> | <i>Home</i> |
| 2003 | 12 | 9 | 3 | 100 | 75,0 | 25,0 |
| 2004 | 8 | 5 | 3 | 100 | 62,5 | 37,5 |
| 2005 | 6 | 6 | 0 | 100 | 100 | 0 |
| 2006 | 12 | 6 | 6 | 100 | 50,0 | 50,0 |
| 2007 | 10 | 7 | 3 | 100 | 70,0 | 30,0 |
| 2008 | 10 | 9 | 1 | 100 | 90,0 | 10,0 |

Fonte: Concello de Camariñas

Táboa 9

| Idade media dos perceptores/as do servizo de axuda a domicilio | |
|---|-------------------------|
| <i>Muller (2003-2008)</i> | <i>Home (2003-2008)</i> |
| 80,1 | 64,2 |

Fonte: Concello de Camariñas

Tendo en conta o progresivo -e comentado- envellecemento da pirámide poboacional do municipio, as pensións non contributivas son outros dos aspectos fundamentais a manexar. No caso concreto de Camariñas, cabe dicir, foise reducindo o seu número dende o ano 2005; non obstante, produciuse de xeito paralelo un aumento da proporción de pensións de xubilación fronte ás de invalidez (*ver táboa 10*).

Precisar, asemade, que a cantidade das retribucións por xubilación é inferior ás rexistradas na Comarca no pasado ano 2007 -e entre 5 e 7 puntos porcentuais superior ás cifras provinciais e autonómicas-.

Táboa 10

| Número de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social | | | | | | | | | | | | |
|--|-----------|------------|------------|-----------|------------|----------------------------|-----------|------------|------------|-----------|------------|------|
| Camariñas | | | | | | Terra de Soneira (Comarca) | | | | | | |
| Número | | | Porcentaxe | | | Número | | | Porcentaxe | | | |
| Total | Invalidez | Xubilación | Total | Invalidez | Xubilación | Total | Invalidez | Xubilación | Total | Invalidez | Xubilación | |
| 2.005 | 236 | 78 | 158 | 100 | 33,1 | 66,9 | 775 | 216 | 559 | 100 | 27,9 | 72,1 |
| 2.006 | 225 | 75 | 150 | 100 | 33,3 | 66,7 | 732 | 203 | 529 | 100 | 27,7 | 72,3 |
| 2.007 | 205 | 64 | 141 | 100 | 31,2 | 68,8 | 692 | 183 | 509 | 100 | 26,4 | 73,6 |
| A Coruña (Provincia) | | | | | | Galicia | | | | | | |
| Número | | | Porcentaxe | | | Número | | | Porcentaxe | | | |
| Total | Invalidez | Xubilación | Total | Invalidez | Xubilación | Total | Invalidez | Xubilación | Total | Invalidez | Xubilación | |
| 2.005 | 22.182 | 8.316 | 13.866 | 100 | 37,5 | 62,5 | 53.285 | 20.671 | 32.614 | 100 | 38,8 | 61,2 |
| 2.006 | 21.698 | 8.048 | 13.650 | 100 | 37,1 | 62,9 | 52.319 | 20.090 | 32.229 | 100 | 38,4 | 61,6 |
| 2.007 | 20.921 | 7.691 | 13.230 | 100 | 36,8 | 63,2 | 50.990 | 19.514 | 31.476 | 100 | 38,3 | 61,7 |

Fonte: Vicepresidencia da Xunta de Galicia. IGE

Atendendo ao sexo, sinalar por último, que son moitas máis as camariñas de pensións non contributivas (81% das mulleres cunha idade media de 80 anos, fronte a un 19% dos homes cun promedio de 64 anos no pasado ano 2007), polo que este tipo de prestación presenta un perfil claramente feminizado (*ver táboas 11 e 12*).

Táboa 11

| Beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social segundo sexo no Concello de Camariñas | | | | | | | | | | | | |
|--|-------|-----------|------------|-------|-----------|------------|-------------|-----------|------------|-------------|-----------|------------|
| Frecuencia | | | | | | | Porcentaxe | | | | | |
| Homes | | | Mulleres | | | | Homes | | | Mulleres | | |
| | Total | Invalidez | Xubilación | Total | Invalidez | Xubilación | Total | Invalidez | Xubilación | Total | Invalidez | Xubilación |
| 2.005 | 46 | 27 | 19 | 190 | 51 | 139 | 19,5 | 11,4 | 8,1 | 80,5 | 21,6 | 58,9 |
| 2.006 | 47 | 28 | 19 | 178 | 47 | 131 | 20,9 | 12,4 | 8,4 | 79,1 | 20,9 | 58,2 |
| 2.007 | 39 | 23 | 16 | 166 | 41 | 125 | 19,0 | 11,2 | 7,8 | 81,0 | 20,0 | 61,0 |

Fonte: Vicepresidencia da Xunta de Galicia. IGE

Táboa 12

| Idade media dos perceptores/as de pensións non contributivas | |
|--|------------------|
| Muller (2003-2008) | Home (2003-2008) |
| 80,1 | 64,2 |

Fonte: Concello de Camariñas

4.3. Outros indicadores do benestar: usos do tempo e infraestruturas dispoñibles

Usos do tempo

O benestar social en clave de xénero é un feito social de múltiples niveis analíticos; para constatar a súa presenza ou non, nun deses chanzos está cobrando unha grande importancia - política e académica- a diferenciación dos usos do tempo en función do sexo. Para profundar nesta cuestión, e a modo de indicación do que se pode atopar de xeito aproximado no eido camariñá, farase unha mención detallada aos datos -de ámbito autonómico e galego- da Enquisa de Condicións de Vida das Familias do IGE .

En primeiro lugar, conséntase que as mulleres e os homes seguen a empregar o seu tempo de maneira moi diferente. De feito, a nivel galego e provincial, son as mulleres as que maioritariamente seguen e a desempeñar as tarefas do fogar -nun 78,0% e nun 79,1% dos casos- (ver táboa 13), dedicando ás mesmas unha media de 27 horas semanais fronte as 15

dos homes (*ver táboa 14*); a mesma idiosincrasia reproducécese ao analizar as horas empregadas no coidado dos nenos/as e das persoas dependentes.

Táboa 13

| Realización das tarefas do fogar segundo sexo (2002) | | |
|---|-----------------------------|----------------|
| | <i>A Coruña (Provincia)</i> | <i>Galicia</i> |
| Total | 51,4 | 51,3 |
| Homes | 22,1 | 20,8 |
| Mulleres | 78,0 | 79,1 |

Fonte: IGE. 2002. Enquisa de condicións de vida das familias


Táboa 14

| Número medio de horas semanais dedicadas as tarefas do fogar (2002) | | |
|--|-----------------------------|----------------|
| | <i>A Coruña (Provincia)</i> | <i>Galicia</i> |
| Total | 24,9 | 25,0 |
| Homes | 15,1 | 15,4 |
| Mulleres | 27,4 | 27,3 |

Fonte: IGE. 2002. Enquisa de condicións de vida das familias

Complementando estes datos cos da Vicepresidencia de Igualdade, vese como o reparto dos usos do tempo dos galegos e galegas sinalan a continuidade no tempo de prácticas de desigualdade; os homes, neste senso, dedican máis tempo ao traballo remunerado (1 hora e 14 minutos máis o día), mentres que as mulleres ocupan máis tempo nas tarefas do fogar (1 hora e 25 minutos máis), no coidado dos nenos/as (54 minutos máis) e no das persoas dependentes (39 minutos máis). Unido a isto, e como indicador significativo do benestar en función do sexo, os homes teñen máis tempo que as mulleres adscrito ás actividades de ocio (*ver a tele, traballo voluntario, reunións, etc.*) ao longo do día.

Gráfico 2



Fonte: Vicepresidencia de igualdade. 2006

En relación con este uso diferenciado do tempo para homes e mulleres, unha solución aplicable ao campo camariñá podería ser o mantemento ou activación do “banco de tempo municipal”¹⁶. Desta maneira, as mulleres -especialmente- que non teñen acceso a determinadas oportunidades laborais ou formativas debido aos problemas de conciliación que atopan na súa vida diaria, poderían invertir tempo para á vez obtelo, é dicir intercambiar servizos por servizos (xa sexan de coidado de familiares, nenos, etc.), ou favores por favores. Esta ferramenta é sen dúbida unha maneira de fomentar as relacións sociais, dándolle unha nova valoración aos usos do tempo.

Infraestruturas do benestar

Atendendo a outras cuestións relacionadas co benestar, obsérvanse nas táboas inferiores o número de instalacións deportivas -5 de diferentes tipos- (ver táboa 15), o volume de centros culturais (ver táboa 16) e as instalacións de esparcemento, no que se inclúen os parques (urbanos, non urbanos e infantís), os clubs deportivos e os grandes xardíns existentes (ver táboa 17). Sobre esta base, podería afirmarse que o Concello de Camariñas posúe -

¹⁶ No capítulo I (Bancos de Tempo) -art.43- da Lei 2/2007 de traballo en igualdade en Galicia, enténdese que o cometido dun banco de tempo municipal é o de facilitar “ás persoas empadroadas no correspondente concello a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral mediante a realización de labores domésticos concretos, en especial aqueles que esixan desprazamentos, como a realización da compra diaria ou de xestións de índole administrativa, e mais de labores de coidado ou mera compañía de menores de idade e de persoas dependentes”. Sinalar, tamén, que o desenvolvemento normativo deste novidoso instrumento de xestión municipal reflíctese no Decreto 182/2008 -ou de promoción autonómica das medidas municipais de conciliación-.

aparentemente- uns servizos adecuados para alcanzar unha boa calidade de vida cidadá -e para ámbolos sexos- dende o punto de vista cultural, deportivo e de ocio¹⁷.

Táboa 15

| Instalacións deportivas do Concello de Camariñas | |
|---|---|
| Total instalacións | 5 |
| Complexos polideportivos | 1 |
| Pistas polideportivas | 3 |
| Piscinas | 0 |
| Con recinto propio | 0 |
| Noutras instalacións | 0 |
| Frontóns | 0 |
| Outros | 1 |

Fonte: Banco de datos municipal. Cultura e lecer. 2005. IGE

Táboa 16

| Centros de cultura do Concello de Camariñas | |
|--|---|
| Casa de cultura | 2 |
| Centro cívico social | 3 |
| Fogar do pensionista | 0 |
| Bibliotecas | 1 |
| Museo | 3 |

Fonte: Banco de datos municipal. Cultura e lecer. 2005. IGE

¹⁷ Non obstante, no traballo cualitativo de Fernández e Montero (2003: 98) faise fincapé na división sexual existente -e difícil de cuantificar- nestes espazos, especialmente en bares e tabernas. Asemade, neste estudo documéntanse casos de mulleres novas que, para escapar do rixido control social camariñá, deixan o municipio para acceder a novas formas de ocio.

Táboa 17

| Instalacións de esparcemento do Concello de Camariñas | |
|---|----|
| Total | 16 |
| Parque urbano | 2 |
| Parque non urbano | 3 |
| Parque infantil | 6 |
| Clubs deportivos | 15 |
| Xardíns | 5 |
| Outras instalacións | 0 |

Fonte: Banco de datos municipal. Cultura e lecer. 2005. IGE

Vistos os usos do tempo da cidadanía galega (*ver táboa 18*), non é un dato positivo para apuntalar medidas de conciliación familiar e laboral -e aumentar en consecuencia o benestar preferentemente das camariñas- que diminúa o número de centros de educación infantil -de 5 a 4 no curso 2002/2003-. Neste senso, a existencia dunha gardería municipal -“Dinonenos”-, o cal non é frecuente nos municipios galegos co mesmo rango poboacional de Camariñas, palía en parte esta carencia infraestrutural.

Táboa 18

| Centros docentes segundo a ensinanza que imparten no Concello de Camariñas | | | | | |
|--|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| | 2000/2001 | 2001/2002 | 2002/2003 | 2003/2004 | 2004/2005 |
| Educación infantil e/ou pimaría | 5 | 5 | 4 | 4 | 4 |
| Educación secundaria obrigatoria | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Educación infantil e/ou primaria e secundaria obrigatoria | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Educación postobrigatoria | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Educación infantil e/ou primaria e secundaria e postobrigatoria | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Educación secundaria e postobrigatoria | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En definitiva, a potenciación de espazos docentes para a poboación preescolar -sexan garderías ou centros de educación infantil- é un factor de grande relevancia no desenvolvemento da igualdade de oportunidades no Concello de Camariñas.

